**XUNTA DE GALICIA**
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

**CRA de Rianxo**
Atalaia Asados – 15984 Rianxo
Tlfno.: 981863305 - 629650523
cra.rianxo@edu.xunta.gal

# Memoria final de curso 2020-2021

## CRA de Rianxo

| | |
|---|---|
| **XUNTA DE GALICIA**<br>Consellería de Educación e<br>Ordenación Universitaria | **CRA de Rianxo**<br>Atalaia Asados – 15984 Rianxo<br>Tlfno.: 981863305 - 629650523<br>cra.rianxo@edu.xunta.gal |

# CURSO 2020-2021

## Índice


1. Contexto no que se desevolveu o curso. 4
2. Obxectivo específicos. Avaliación. 5
3. Organización Pedagóxica. 8
    3.1. Equipos Docentes. Memorias Infantil e Primaria. 8
        3.1.1. 2º Ciclo de Educación Infantil: 8
        3.1.2. 1º nivel de Educación Primaria: 15
        3.1.3. 2º nivel de Educación Primaria: 20
    3.2. Equipos de traballo. 25
4. Xestión dos recursos. 28
    4.1. Equipamento. 28
    4.2. Espazos. 28
        4.3. Recursos humanos. 28
5. Plan de actuación dos órganos colexiados. 29
    5.1. Claustro de profesores. 29
    5.2. Consello Escolar. 29
    5.3. Departamento de Orientación. 30
    5.4. Comisión de Coordinación Pedagóxica. 37
6. Plan de actuación do equipo directivo. 37
    6.1. Equipo directivo. 37
        O equipo directivo cambiou este curso, tras un nomeamento extraordinario por un curso académico. 37
        Está composto por: 37
    6.2. Avaliación da xestión de dirección. 37
7. Xornada escolar e horario do centro. 39
8. Reunións dos diferentes equipos. 39
9. Memoria dos Proxectos de Innovación Educativa. 42

9.1. Dinamización TIC. (Orde 17/07/2007, Artc. 6) ........ 42
9.2. Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO). ........ 46
9.3. Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE). ........ 48
9.4. Proxecto Voz Natura. ........ 48
9.5. Plan Proxecta. ........ 49
9.6. Proxecto Erasmus. ........ 51
9.7. Seccións Bilingües. ........ 56
9.8. Clube de Ciencia “Nautilus”. ........ 58
9.9. Biblioteca Creativa. ........ 60
9.10. Dinamización da Lingua Galega. ........ 63
10. Libros de texto e materiais curriculares. ........ 65
11. Programa de Actividades Complementarias. ........ 66
12. Programa de Actividades Extraescolares. ........ 70
13. Avaliación xeral do curso. ........ 70
13.1. Resultado da avaliación da PXA. ........ 70
13.2. Previsións para o próximo curso. ........ 70
14. Informe do Claustro e do Consello Escolar. ........ 72

# 1. Contexto no que se desevolveu o curso.

O C.R.A de Rianxo durante este curso estivo formado por 8 escolas e 11 unidades:

- Escola de Pazo (2 unidades)
- Escola de Cruceiro (2 unidades)
- Escola de Cuvide
- Escola de Outeiro
- Escola de Capela ( 2 unidades)
- Escola de Quintáns
- Escola de Rañó
- Escola de Abuín

Escolarízanse nenos e nenas das seguinte etapas e niveis educativos:

- Educación Infantil: 4º (3 anos), 5º (4 anos), 6º (5 anos)
- Educación Primaria: 1º (6 anos) e 2º (7 anos)

O número de unidades do noso centro, distribúese da seguinte maneira:

| Educación Infantil | Educación Primaria | Multigrao (5 niveis) | Total |
|---|---|---|---|
| 6 | 2 | 3 | 11 |

No actual curso escolarizáronse un total de 113 alumnos/as distribuídos da seguinte maneira:

| | 4º EI | 5º EI | 6º EI | EI | 1º EP | 2º EP | EP | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ABUÍN** | **7** | **1** | **5** | **13** | **1** | **1** | **2** | **15** |
| **OUTEIRO** | **3** | **5** | **4** | **12** | | | | **12** |
| **QUINTÁNS** | **1** | **1** | **1** | **3** | **1** | **2** | **3** | **6** |
| **RAÑÓ** | **1** | **3** | **2** | **6** | **1** | **1** | **2** | **8** |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CAPELA** | **5** | **5** | **4** | **14** | **5** | **5** | **10** | **24** |
| **PAZO** | **2** | **5** | **7** | **14** | **2** | **1** | **3** | **18** |
| **CRUCEIRO** | **6** | **9** | **3** | **18** | | | | **20** |
| **CUVIDE** | **1** | **7** | **5** | **13** | | | | **13** |
| **TOTAL** | **26** | **36** | **31** | **93** | 10 | 10 | 20 | **116** |

Tendo en conta o alumnado do centro, o número de aulas e as circunstancias de alumnado con NEAE, contamos co seguinte profesorado:

- 11 mestres/as titores/as
- 2 mestras de apoio de Educación Infantil
- Mestres/as especialistas: inglés, música, relixión, educación física, PT, AL e orientador.

## 2. Obxectivo específicos. Avaliación.

1. **Potenciar un bo clima de convivencia e traballo no Centro abarcando a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente):** durante o curso, o clima de traballo foi cordial dentro dun marco de boa convivencia por parte de todos os membros da comunidade educativa.
2. **Establecer canles comunicativas entre a Comunidade Educativa e a Administración (Concello, Consellería, …etc):** a relación co Concello é fluída e directa por parte do Equipo Directivo; se ben, dependendo do tema a tratar, obtéñense mellores resultados ou non. As maiores dificultades encontrámolas no cumplimento dos obxectivos de limpeza que o centro require como básicos e necesarios, máis aínda, neste curso pola situación sanitaria do COVID e tamén as demoras nos arranxos son moi frecuentes. As relación coa Consellería limitáronse principalmente a temas organizativos de recursos humanos.

3. **Atender ás necesidades do Centro, procurando a mellora das instalacións:** queda pendente mellorar o acondicionamento dos patios. Este curso aprobouse un proxecto de obra e remodelación da fachada e segunda pranta no edificio da escola de Cruceiro.
4. **Mellorar a dotación de material e equipamentos do Centro:** Neste curso a dotación de mobiliario da Consellería foi escaso en proporción ao que se pediu. Ademais dotouse de pouco material informático xa que a UAC non nolo proporcionou; así que contamos poder actualizar os equipos necesarios para o vindeiro curso.
5. **Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr una efectiva organización e coordinación**: en xeral funcionaron correctamente todos os equipos de traballo de xeito organizado e coordinado, acadando bos resultados; coa excepción do equipo de primaria que debemos analizar e reflexionar para propoñer algunha alternativa para o curso que vén e obter mellores resultados das reunións.
6. **Favorecer o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Convivencia:** a pesar das dificultades pola situación da COVID, ao longo do curso estivemos traballando as titorías. De todos xeitos cremos que é algo no que debemos seguir traballando, así como actualizar o Plan de Convivencia e as NOF do centro.
7. **Atender á diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora:** A atención ás NEAE no centro foise reaxustando en función das necesidades do alumnado (tanto as que foron xurdindo como as que se foron solventando) realizándose as modificacións pertinentes nos plans de apoio e nos reforzos.
8. **Mellorar o rendemento nas Competencias en Comunicación Lingüística:** nas aulas de Educación Infantil desenvolveuse ao longo de todo o curso un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral realizado pola mestra especialista en Audición e Linguaxe dirixido a previr dificultades no desenvolvemento da linguaxe e corrixir de forma global dificultades evolutivas propias da etapa na que se encontran os nenos/as que funcionou moi ben. Por iso consideramos que debe continuar implantándose nos vindeiros cursos, xa que contamos cun gran número de alumnado con problemas da fala.

9. **Desenvolver os Proxectos Documentais Integrados no proceso de ensino-aprendizaxe (Voz Natura, PLAMBE, Plan Proxecta, Erasmus +):** desenvolvéronse todos pero con certas dificultades debido á situación sanitaria vivida no presente curso. Sobre todo vimos as dificultades no impedimento de poder xuntarnos todo o CRA á vez para levar a cabo algunha das actividades propostas dende estes proxectos.
10. **Promover a Innovación Educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TIC e fomentando o uso das novas tecnoloxías:** este curso fíxose fincapé, sobre todo na etapa de Educación Primaria, no uso das novas tecnoloxías por posibles confinamentos. O alumnado logrou unha maior autonomía. Aínda así, debido aos cursos que temos no centro, non podemos esquecer que se tratan de nenos e nenas bastantes pequenos e que requiren supervisión constante dun adulto.
11. **Facilitar e potenciar a formación do profesorado:** durante o curso leváronse a cabo dúas liñas de traballo: unha relacionada coa didáctica das aulas multigrao, aulas coas que contamos en todas as escolas do CRA; e outra liña de traballo relacionada co Clube de Ciencia. Entre as dúas liñas contamos co 100 % de participación do profesorado.
12. **Implicar ás nais/pais no proceso educativo dos seus fillos/as:** neste curso implantouse a aplicación de Abalar Móbil para ter todas as familias informadas puntualmente de diferentes aspectos acontecidos no centro (saídas, documentación, axudas, programas…).

    Para este centro é fundamental a comunicación coas familias no referente ao ámbito educativo dos seus fillos/as para que se sintan parte do proceso.

    Cada titor/a establece ademais as canles que cre oportunas para informar aos pais/nais da súa titoría. Á súa vez sempre se está disposto a atender as demandas dos pais a través das titorías establecidas por lei para tal fin recibíndoos o máis axiña posible.

    A través do Departamento de Orientación tamén se fixeron reunións para informar ás familias das diferentes medidas adoptadas en canto á atención á diversidade.

Sinalar que este curso a participación das familias nas actividades programadas foi moito máis limitadas cas nos anteriores cursos debido ao protocolo da Xunta en relación á COVID-19.

Seguiremos traballando para que as familias continúen implicándose no proceso de ensino-aprendizaxe como o viñan facendo con anterioridade.

13. **Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA:** neste curso as actividades complementarias propostas pola ANPA reducíronse en consideración debido á situación sanitaria e as extraescolares desapareceron durante este curso.

    Para o curso que vén hai cambio na directiva da ANPA e contamos que se poidan retomar un maior número de actividades propostas pola mesma.

# 3. Organización Pedagóxica.

O profesorado funcionou organizado en equipos docentes: 1 equipo de ciclo de Educación Infantil e 1 equipo de Educación Primaria.

Este organigrama pretendía facilitar a coordinación entre os diferentes grupos e niveis, a posta en marcha de proxectos e actividades.

Non remataron de funcionar tan ben como se esperaba, así que para o vindeiro curso a proposta será que nos reunamos todo o claustro para tratar temas de educación infantil e de educación primaria debido ás características propias do centro, contando con varias aulas multigrao de cinco niveis.

## 3.1. Equipos Docentes. Memorias Infantil e Primaria.

### 3.1.1. 2º Ciclo de Educación Infantil:

**1. Composición do equipo.**

O equipo de ciclo fórmase, no inicio do curso 2020-2021, polos seguintes membros do claustro:

- Carla Morano Rodríguez, mestra de apoio.
- María Sol Beiroa Troiteiro, titora de Cruceiro catro e cinco anos.
- María Teresa Lorenzo Outeiral, mestra de apoio.
- Celia Piñeiro García, mestra de Relixión
- Raquel Ferreiro Mareque, titora de Pazo Infantil
- Laura Álvarez Barreiro, titora de Outeiro
- Elisa Iglesias Framil, titora de Cruceiro tres anos.
- Lucía Hevia Trepath, titora de Cuvide.
- Paula Iglesias Suárez, titora de Quintáns.
- Ana Alicia Castro Moares, titora de Abuín.
- Paula Mª Deira Mougán, mestra de AL.
- Verónica Triñanes Rial, titora de Capela Infantil e coordinadora

Pero, con posterioridade, a dirección do centro acordou que as reunións do ciclo de infantil e as de etapa de primaria non se realizasen de xeito simultáneo, como viña sendo habitual; para así favorecer que tanto as titoras e titor que teñen cinco niveis, como os especialistas que imparten clase en tódolos cursos puidesen asistir e participar activamente en ambas. Polo que ademais de modificarse o calendario de reunións tamén se modificou a composición do equipo de ciclo, quedando do seguinte xeito:

- Laura Álvarez Barreiro, titora de Outeiro
- María Sol Beiroa Troiteiro, titora de Cruceiro.
- Ana Alicia Castro Moares, titora de Abuín.

- Paula María Deira Moigán, mestra de AL.
- Raquel Ferreiro Mareque, titora de Pazo Infantil
- Baltasar Figueiras Martínez, titor de Rañó.
- Pablo García Lorenzo, mestre de Inglés
- Lucía Hevia Trepat, titora de Cuvide.
- Elisa Iglesias Framil, titora de Cruceiro.
- Paula Iglesias Suárez, mestra de Quintáns.
- Mario Jiménez López, mestre de Educación Física.
- María Teresa Lorenzo Outeiral, mestra de apoio.
- Carla Elisabet Morano Rodríguez, mestra de apoio
- Sonia Pazos Penela, Orientadora.
- Celia Piñeiro García, mestra de Relixión
- Martín Saborido Rial, mestre de Música.
- Verónica Triñanes Rial, titora de Capela Infantil
- María Vázquez de la Iglesia, mestra de PT.

Esta modificación quedou recollida na acta de ciclo do día 27 de outubro do 2020.

**2. Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

No primeiro trimestre realizamos unha avaliación inicial para coñecer as necesidades reais do noso alumnado atendendo á situación excepcional na que nos atopábamos; e a través dos contidos planificamos as distintas propostas pedagóxicas nas aulas. Tivemos en conta as potencialidades de cada neno/a e buscamos sempre a formación integral e o desenrolo social e persoal do noso alumnado.

Podemos sinalar que, en termos xerais, os obxectivos propostos tanto na programación de ciclo como a súa posterior concreción nas programacións de aula, se acadaron con éxito; a pesar das dificultades que este ano tivemos que afrontar na aulas derivadas da situación Covid. Pola cal

tivemos que adoptar estritas normas de distanciamento persoal, agrupamentos e hixiene entre outras. Este feito ocasionou que en moitas das aulas se tivesen que facer agrupamentos cooperativos de non mais de cinco nenos ou nenas, o que provocou unha reorganización das metodoloxías, dos recursos e dos espazos. Pero a pesar de que o inicio de curso foi bastante complicado e atípico, cabe sinalar que valoramos de xeito moi positivo o traballo realizado nas aulas, tanto no referente aos protocolos que establecemos para evitar os contaxios, como as actividades deseñadas para a consecución dos obxectivos.

Dende o ciclo de infantil tamén colaboramos para acadar os obxectivos propostos nos diferentes equipos ( biblioteca, complementarias, dinamización e TICs) desenvolvendo as actividades que se propuxeron dende os mesmos.

A través do Proxecto Documental Integrado: **"Os contos: fíos de palabras"**, este curso planeamos actividades que nos axudaron a compartir e comunicarnos; tamén traballamos hábitos de hixiene e saúde, ademais afondamos na parte emocional do noso alumnado. Os contos foron un recurso co que establecemos pontes de comunicación. Polo menos así foi dentro das aulas, xa que unha dificultade que tivemos este curso, derivada da situación Covid, foi a de compartir este proxecto; de sacalo de cada unha das aulas para todo o centro e incluso para a localidade. Faltaron as actividades grupais de centro nas que normalmente tiñamos a posibilidade de compartir e coñecer o traballo das titorías e especialidades.

Na materia de **Lingua Inglesa** a consecución de obxectivos e desenvolvemento da materia foi ben en liñas xerais. Sen embargo dada a situación relacionada coa COVID19 e seguindo os protocolos debidos, este curso resultou dificultoso por varios motivos. O alumnado non podía tocar e desfrutar o material palpándoo, debido á imposibilidade de desinfectalo correctamente entre sesión e sesión. Outro "hándicap" salientable, foi o traballo cos grupos seguindo tamén o protocolo, dado que iso a veces e tendo que gardar as distancias, diminuía o ritmo das clases e de execución das actividades lúdicas, non sendo doado tampouco manter a atención dos nenos por momentos debido a que tiñan que manter unha actitude de concentración e escoita maior se cabe.

**3. Alumnado con NEAE. Promoción do alumnado.**

Na etapa de infantil promociona todo o alumnado que estivo matriculado este curso.

Recibiron apoio de AL e PT .

| | AL | PT |
|---|---|---|
| **4º INFANTIL** | | 0 |
| **5º INFANTIL** | 8 | 2 |
| **6º INFANTIL** | 8 | 0 |

**4.Valoración das actividades desenvoltas.**

Este curso participamos en diversos programas e proxectos, en xeral a valoración dos mesmos é positiva:

- Proxecto de Voz Natura **“coidar a nosa contorna é o bo camiño”** fixéronse dende tódalas escolas varias actividades relacionadas, entre outras, co coñecemento da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla. Desenvolvéronse actividades de limpeza en distintos espazos naturais da contorna (praias, montes…).
- Programa **“Aliméntate ben”**. Dentro deste programa participamos no Reparto de Froita Escolar. Tamén continuamos no proxecto **“Fai clic ao teu bocata”** da Xunta, sobre alimentación saudable.
- **Club de ciencia**. Esta actividade realizábase en dúas sesións de 2 h. semanais coas nenas e nenos de primaria e 6º de infantil cada mércores, que tamén ten moi boa acollida entre o alumnado e as familias.
- **Plan de formación permanente do profesorado.** Con 2 liñas de formación: o “Club de ciencia” e “As aulas multigrao”.
- Dada a situación actual derivada do Covid, este ano non se puideron acadar todos os obxectivos relacionados co **programa de internacionalización** propostos o curso pasado. Xa que non se puideron realizar as mobilidades formativas previstas no programa Erasmus

seguimos avanzando nos demais aspectos como a formación en aulas multigrao e a difusión, que seguiron adiante con éxito.

A continuación presentamos a temporalización trimestral da realización das actividades complementarias e algunhas conmemoracións:

| PRIMEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| Magosto (23 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Samaín (30 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Conmemoración do 25 N | Infantil + Primaria |
| Festa de Nadal (22 de decembro) | Infantil + Primaria |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | |
| Día da paz e da non violencia (29 de xaneiro) | Infantil + Primaria |
| Entroido (12 de febreiro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Xornadas de Bilbioteca e Multideporte | Infantil e Primaria |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | |
| Voz Natura + Letras Galegas (20 maio) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Festa de fin de Curso (22 de xuño) | Infantil + Primaria |

***Saída didáctica ao entorno:** no cadro xeral das actividades complementarias realizadas este curso só recollemos unha por trimestre segundo o recollido na programación, onde o centro garantía unha saída por trimestre a cada aula con dereito a apoio. Ao longo do curso realizáronse varias saídas á contorna en diferentes escolas e trimestres pero non todas precisaron de apoio específico para levalas a cabo.

## 5. Propostas de mellora.

- A necesidade de conseguir de cara o vindeiro curso o terceiro **apoio de infantil** convértese nunha mellora imprescindible para o funcionamento óptimo do centro.
- Dado que as aulas do CRA son aulas multigrao precisan que tanto a metodoloxía coma os recursos se adapten a esta característica. No ciclo de infantil pensamos que é necesario establecer unhas **liñas metodolóxicas** que nos definan como centro. E tamén sería bo crear estruturas de apoio para o profesorado, especialmente para o que chegue novo ou o de aulas de cinco niveis, pois moitas veces a maior parte do profesorado que aterra nun CRA non ten case experiencia previa neste tipo de aulas e fáltalle formación específica.
- De cara o vindeiro curso proponse darlle máis auxe ao **libro Web**, xa que é unha ferramenta moi útil para compartir contidos e actividades entre escolas e ó mesmo tempo darlle difusión entre a comunidade educativa e a contorna. E nos últimos anos esta ferramenta a penas se está a empregar, moitas veces pola sobrecarga das titorías, polo que se fai necesario establecer tamén algún tipo de axuda para que todo este traballo sexa compartido e non recaia exclusivamente nas titorías.
- Con respecto á **Lingua Inglesa** podemos cualificar a avaliación do proceso educativo positivamente, pero deberíanse mellorar algúns aspectos, tales como:
  - A inclusión dalgunha actividade complementaria en inglés (contacontos, obra de teatro, concerto didáctico, etc), ampliando así os horizontes do alumnado que verían a utilidade da lingua estranxeira fóra da aula, e posto que se realizan actividades relacionadas con outras áreas.
  - Que a consellería nos permita continuar co programa de auxiliares de conversa xa que é unha experiencia moi enriquecedora e fundamental para a comunidade educativa e de poder ser, ter a dispoñibilidade da auxiliar a tempo completo xa que deste modo, podería estar en todas as aulas, incluíndo as de Educación Infantil.
- Con respecto as **reunións de ciclo** proponse como mellora que, no vindeiro, curso se realice unha cada mes, e que estas se convertan en espazos de diálogo e aprendizaxe. Que sexan

momentos nos que poidamos compartir experiencias de aula, buscar propostas e aportar ideas, planificar actividades conxuntas…

- Tamén se propón a idea de instaurar unha figura de **auxiliar de infantil** nas aulas multigrao que axudase no coidado e na hixiene do alumnado.
- Tamén queremos reflexar que a ausencia de **bedel** no centro imposibilita o correcto mantemento das instalacións do Cra, e crea unha sobrecarga de traballo nas titoras que teñen que asumir funcións que non lle corresponden nin polas que reciben unha retribución.
- Así como tamén se fai necesario incidir na **mellora da limpeza** nas distintas dependencias escolares, que a día de hoxe non se están cubrindo axeitadamente.

### 3.1.2. 1º nivel de Educación Primaria:

**1. Composición do equipo:**

O equipo docente do 1º nivel de educación primaria do CRA de Rianxo, neste curso 2020/21, estivo formado polos seguintes mestres titores:

- Noelia Castiñeiras Seco, titora de primaria na escola de Pazo.
- Mª José Mansilla Romero titora na escola de Capela primaria.
- Ana Alicia Castro Moares, titora da escola de Abuín.
- Baltasar Figueira Martínez, titor da escola de Rañó.
- Paula Iglesias Suárez, titora da escola de Quintáns.

Ademais do seguinte profesorado especialista:

- Martín Saborido Rial, mestre especialista de música.
- Mario Jiménez López, mestre especialista en Educación Física.
- Celia Piñeiro García: mestra de relixión católica.
- María Vázquez de la Iglesia, mestra especialista de PedagoxíaTerapéutica.
- Pablo García Lorenzo, mestre especialista de Inglés.
- Paula María Deira Mougán, mestra especialista de Audicción eLinguaxe.

**2. Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Os obxectivos marcados para este curso foron:

- Elaborar as propostas de actividades complementarias específicas do nivel.
- Revisar e modificar as programacións didácticas para este curso.
- Facilitar a elaboración conxunta e o intercambio de experiencias entre as aulas.
- Colaborar cos diferentes equipos (biblioteca, actividades complementarias, dinamización da lingua galega e TIC) nas actividades que nos propoñan.

A comezos do 1º trimestre, revisáronse as programacións de nivel e de aula e adaptáronse ao presente curso académico, tendo en conta as necesidades do alumnado escolarizado no nivel e atendendo á situación actual na que nos atopamos. Elaborouse a programación didáctica correspondente.

Ademais, colaboramos cos distintos equipos nas actividades que foronxurdindo ao longo do curso.

Os contidos, recollidos nos diferentes proxectos que se desenvolveron ao longo do curso, programáronse equilibradamente tendo en conta os obxectivos didácticos, a metodoloxía, as características do alumnado, así comoas actividades complementarias e os recursos dispoñibles e foron distribuídos de maneira flexible podendo estar suxeitos a modificacións se fose preciso.

- En relación ao Proxecto Documental Integrado **“Fios de palabras (contos impresos e de tradición oral)”**, seleccionado para traballar durante todo o curso diferentes contos, leváronse a cabo diferentes actividades e propostas de traballo en todas as áreas: nas distintas aulas, a maioría das escolas aproveitaron esta temática para traballar o Samaín, entroido, o festival de Nadal, o calendario escolar, a revista, investigar…
- Respecto da participación no proxecto de Voz Natura **“coidar a nosa contorna é o bo camiño”** fíxoséronse dende tódalas escolas varias actividades relacionadas, entre outras, co

coñecemento da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla, que se presenta como unha alternativa á ruta terrestre; limpeza de distintoas espazos naturais da zona (praias, montes…).

- Como outros anos, seguimos participando no Programa "aliméntate ben". Dentro deste programa participamos no Reparto de Froita Escolar. Tamén continuamos no proxecto "fai clic ao teu bocata" da Xunta, sobre alimentación saudable.
- Seguindo o protocolo Covid, tamén se continuou levando a cabo ao longo do curso a actividade desenvolvida polas científicas e científicos de Arenaria: o Club de ciencia. Esta actividade realizábase en dúas sesións de 2 h. semanais coas nenas e nenos de primaria e 6º de infantil cada mércores, que tamén ten moi boa acollida entre o alumnado e as familias.
- No presente curso puxemos en marcha dentro do Plan de formación permanente do profesorado 2 liñas de formación: o club de ciencia e aulas multigrao.

    Dada a situación actual derivada do Covid, este ano non se puideron acadar todos os obxectivos relacionados co programa de internacionalización propostos o curso pasado. A pesar de que non se puideron realizar as mobilidades formativas previstas no programa Erasmus seguimos avanzando nos demais aspectos como a formación en aulas multigrao e a difusión, que siguiron adiante con éxito.

    Para o vindeiro curso, seguen en marcha as seccións bilingües, cunha avaliación moi positiva de cara a aprendizaxe da lingua estranxeira. De cara ao seguinte curso académico continuamos coa sección bilingüe en artística e tamén en educación física.

- Este curso escolar contamos coa colaboración dunha auxiliar de conversa: Hannah McAdoo, compartida co CRA de Teo. Para o vindeiro curso continuarase coa presenza dunha auxiliar de conversa no CRA.

Na **materia de Lingua Inglesa** a consecución de obxectivos e desenvolvemento da materia foi ben en liñas xerais. Sen embargo dada a situación relacionada coa COVID19 e seguindo os protocolos debidos, este curso resultou dificultoso por varios motivos. O alumnado non podía tocar e disfrutar o material palpándoo, debido á imposibilidade de desinfectalo correctamente entre sesión e sesión. Outro "hándicap" salientable, foi o traballo cos grupos seguindo tamén o

protocolo, dado que iso a veces e tendo que gardar as distancias, ralentizaba o ritmo das clases e de execución das actividades lúdicas, non sendo doado tampouco manter a atención dos nenos por momentos debido a que tiñan que manter unha actitude de concentración e escoita maior se cabe.

Por outra parte, cabe destacar positivamente, o funcionamento de catro Seccións Bilingües en plástica (Arts & Crafts) e en Educación física.

Compre destacar, que en dous, casos, non se acadaron os obxectivos mínimos por diversos motivos de aprendizaxe e NEAE non acadando o aprobado na materia. Así, podemos calificar a avaliación do proceso educativo positivamente, pero deberíanse mellorar algúns aspectos, tales como:

- A inclusión dalgunha actividade complementaria en inglés (contacontos, obra de teatro, concerto didáctico, etc), ampliando así os horizontes do alumnado que verían a utilidade da lingua estranxeira fóra da aula, e posto que se realizan actividades relacionadas con outras áreas.
- Que a consellería nos permita continuar co programa de auxiliares de conversa xa que é unha experiencia super enriquecedora e fundamental para a comunidade educativa e de poder ser, ter a dispoñibilidade da auxiliar a tempo completo.

**3. Alumnado con NEAE. Promoción do alumnado.**

No referente ao alumnado, o 1º nivel estivo composto por 10 alumnas e alumnos, distribuídos en 5 unidades mixtas; 2 agrupando a alumnado só de 1º e 2º de Primaria e 3 con alumnado de infantil tamén.

Recibiron apoio da especialista de audición e linguaxe 5 alumnos por dificultades na fala.

Tamén recibiron apoio por parte da mestra de pedagoxía terapéutica 3 alumnos e alumnas por dificultades a nivel curricular.

Non promociona todo o alumnado ao 2º curso, con 2 alumnos levarase a cabo a medida excepcional da repetición de curso, co fin de afianzar contidos e aprendizaxes.

**4.Valoración das actividades desenvoltas.**

A continuación presentamos a temporalización trimestral proposta para a realización das actividades previstas.

| PRIMEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| Magosto (23 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Samaín (30 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Conmemoración do 25 N | Infantil + Primaria |
| Festa de Nadal (22 de decembro) | Infantil + Primaria |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | |
| Día da paz e da non violencia (29 de xaneiro) | Infantil + Primaria |
| Entroido (12 de febreiro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Xornadas de Bilbioteca e Multideporte | Infantil e Primaria |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | |
| Voz Natura + Letras Galegas (20 maio) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Festa de fin de Curso (22 de xuño) | Infantil + Primaria |

***Saída didáctica ao entorno:** no cadro xeral das actividades complementarias realizadas este curso só recollemos unha por trimestre segundo o recollido na programación, onde o centro garantía unha saída por trimestre a cada aula con dereito a apoio. Ao longo do curso realizáronse varias saídas á contorna en diferentes escolas e trimestres pero non todas precisaron de apoio específico para levalas a cabo.

**5. Propostas de mellora.**

- Dado que as aulas do CRA son aulas multigrao precisan que tanto a metodoloxía coma os recursos se adapten a esta característica. A día de hoxe non hai libros de texto que se adapten ás características destas aulas multigrao polo que propoñemos ir reducindo os libros de texto e crear estruturas de apoio para o profesorado, especialmente para o que chegue novo ou o de aulas de cinco niveis, pois moitas veces a maior parte do profesorado, dada a gran cantidade de contidos do curriculum, recurre aos libros de texto dado que ofrecen certa seguridade que aparezan nestes recursos os contidos xa secuenciados, etc.
- Estas estruturas de apoio. Poden reflexarse por exemplo en darlle máis auxe ao libro web.
- Mellorar a comunicación entre as titoras e titores, planificando actividades conxuntas para que todas as escolas do CRA reciban unha formación similar, aproveitando as reunións de ciclo para tratar de compartir experiencias de aula, materiais e actividades para lograr unha maior homoxeneización entre as diferentes escolas.
- Mellorar a comunicación a través do portal Web do CRA.
- Intentar que as actividades que se vaian propoñendo ao longo do curso non supoñan unha sobrecarga de traballo aos titores e titoras e que na medida do posible se integren no que se está desenvolvendo nese momento**.**

### 3.1.3. 2º nivel de Educación Primaria:

**1. Composición do equipo:**

O equipo docente do 2º nivel de educación primaria do CRA de Rianxo, neste curso 2020/21, estivo formado polos seguintes mestres titores:

- Noelia Castiñeiras Seco, titora de primaria na escola de Pazo.
- Mª José Mansilla Romero titora na escola de Capela primaria.

- Ana Alicia Castro Moares, titora da escola de Abuín.
- Baltasar Figueira Martínez, titor da escola de Rañó.
- Paula Iglesias Suárez, titora da escola de Quintáns.

Ademais do seguinte profesorado especialista:

- Martín Saborido Rial, mestre especialista de música.
- Mario Jiménez López, mestre especialista en Educación Física.
- Celia Piñeiro García: mestra de relixión católica.
- María Vázquez de la Iglesia, mestra especialista de PedagoxíaTerapéutica.
- Pablo García Lorenzo, mestre especialista de Inglés.
- Paula María Deira Mougán, mestra especialista de Audicción eLinguaxe.

**2. Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Os obxectivos marcados para este curso foron:

- Elaborar as propostas de actividades complementarias específicas do nivel.
- Revisar e modificar as programacións didácticas para este curso.
- Facilitar a elaboración conxunta e o intercambio de experiencias entre as aulas.
- Colaborar cos diferentes equipos (biblioteca, actividades complementarias, dinamización da lingua galega e TIC) nas actividades que nos propoñan.

A comezos do 1º trimestre, revisáronse as programacións de nivel e de aula e adaptáronse ao presente curso académico, tendo en conta as necesidades do alumnado escolarizado no nivel e atendendo á situación actual na que nos atopamos. Elaborouse a programación didáctica correspondente.

Ademais, colaboramos cos distintos equipos nas actividades que foron xurdindo ao longo do curso.

Os contidos, recollidos nos diferentes proxectos que se desenvolveron ao longo do curso, programáronse equilibradamente tendo en conta os obxectivos didácticos, a metodoloxía, as

características do alumnado, así como as actividades complementarias e os recursos dispoñibles e foron distribuídos de maneira flexible podendo estar suxeitos a modificacións se fose preciso.

En relación ao Proxecto Documental Integrado **"Fios de palabras (contos impresos e de tradición oral)"**, seleccionado para traballar durante todo o curso diferentes contos, leváronse a cabo diferentes actividades e propostas de traballo en todas as áreas: nas distintas aulas, a maioría das escolas aproveitaron esta temática para traballar o Samaín, entroido, o festival de Nadal, o calendario escolar, a revista, investigar…

Respecto da participación no proxecto de Voz Natura **"coidar a nosa contorna é o bo camiño"** fíxoséronse dende tódalas escolas varias actividades relacionadas, entre outras, co coñecemento da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla, que se presenta como unha alternativa á ruta terrestre; limpeza de distintoas espazos naturais da zona (praias, montes…)

Como outros anos, seguimos participando no Programa "alimentate ben". Dentro deste programa participamos no Reparto de Froita Escolar. Tamén continuamos no proxecto "fai clic ao teu bocata" da Xunta, sobre alimentación saudable.

Seguindo o protocolo Covid, tamén se continuou levando a cabo ao longo do curso a actividade desenvolvida polas científicas e científicos de Arenaria: o Club de ciencia. Esta actividade realizábase en dúas sesións de 2 h. semanais coas nenas e nenos de primaria e 6º de infantil cada mércores, que tamén ten moi boa acollida entre o alumnado e as familias.

No presente curso puxemos en marcha dentro do Plan de formación permanente do profesorado 2 liñas de formación: o club de ciencia e aulas multigrao.

Dada a situación actual derivada do Covid, este ano non se puideron acadar todos os obxectivos relacionados co programa de internacionalización propostos o curso pasado. A pesar de que non se puideron realizar as mobilidades formativas previstas no programa Erasmus seguimos avanzando nos demais aspectos como a formación en aulas multigrao e a difusión, que siguiron adiante con éxito.

Para o vindeiro curso, seguen en marcha as seccións bilingües, cunha avaliación moi positiva de cara á aprendizaxe da lingua estranxeira. De cara ao seguinte curso académico continuamos coa sección bilingüe en artística e tamén en educación física.

Este curso escolar contamos coa colaboración dunha auxiliar de conversa: Hannah McAdoo, compartida co CRA de Teo. Para o vindeiro curso continuarase coa presenza dunha auxiliar de conversa no CRA.

Na **materia de Lingua Inglesa** a consecución de obxectivos e desenvolvemento da materia foi ben en liñas xerais. Sen embargo dada a situación relacionada coa COVID19 e seguindo os protocolos debidos, este curso resultou dificultoso por varios motivos. O alumnado non podía tocar e disfrutar o material palpándoo, debido á imposibilidade de desinfectalo correctamente entre sesión e sesión. Outro “hándicap” salientable, foi o traballo cos grupos seguindo tamén o protocolo, dado que iso a veces e tendo que gardar as distancias, ralentizaba o ritmo das clases e de execución das actividades lúdicas, non sendo doado tampouco manter a atención dos nenos por momentos debido a que tiñan que manter unha actitude de concentración e escoita maior se cabe.

Por outra parte, cabe destacar positivamente, o funcionamento de catro Seccións Bilingües en plástica (Arts & Crafts) e en Educación física.

Así, podemos calificar a avaliación do proceso educativo positivamente, pero deberíanse mellorar algúns aspectos, tales como:

- A inclusión dalgunha actividade complementaria en inglés (contacontos, obra de teatro, concerto didáctico, etc), ampliando así os horizontes do alumnado que verían a utilidade da lingua estranxeira fóra da aula, e posto que se realizan actividades relacionadas con outras áreas.
- Que a consellería nos permita continuar co programa de auxiliares de conversa xa que é unha experiencia super enriquecedora e fundamental para a comunidade educativa e de poder ser, ter a dispoñibilidade da auxiliar a tempo completo.

## 3. Alumnado con NEAE. Promoción do alumnado.

No referente ao alumnado, o 2º nivel estivo composto por 10 alumnas e alumnos, distribuídos en 5 unidades mixtas; 2 agrupando a alumnado só de 1º e 2º de Primaria e o resto con alumnado de infantil tamén.

Recibiron apoio da especialista de audición e linguaxe 3 alumnos por dificultades na fala.

Non precisaron apoio específico por parte da mestra especialista en pedagoxía terapéutica nin as alumnas nin os alumnos de 2º.

Promociona todo o alumnado de segundo.

**4. Aactividades desenvoltas.**

A continuación presentamos a temporalización trimestral da realización das actividades.

| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | |
|---|---|
| Magosto (23 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Samaín (30 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Conmemoración do 25 N | Infantil + Primaria |
| Festa de Nadal (22 de decembro) | Infantil + Primaria |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | |
| Día da paz e da non violencia (29 de xaneiro) | Infantil + Primaria |
| Entroido (12 de febreiro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Xornadas de Bilbioteca e Multideporte | Infantil e Primaria |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | |
| Voz Natura + Letras Galegas (20 maio) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Festa de fin de Curso (22 de xuño) | Infantil + Primaria |

*__Saída didáctica ao entorno:__ no cadro xeral das actividades complementarias realizadas este curso só recollemos unha por trimestre segundo o recollido na programación, onde o centro garantía unha saída por trimestre a cada aula con dereito a apoio. Ao longo do curso realizáronse varias saídas á contorna en diferentes escolas e trimestres pero non todas precisaron de apoio específico para levalas a cabo.

**5. Propostas de mellora.**

- Dado que as aulas do CRA son aulas multigrao precisan que tanto a metodoloxía coma os recursos se adapten a esta característica. A día de hoxe non hai libros de texto que se adapten ás características destas aulas multigrao polo que propoñemos ir reducindo os libros de texto e crear estruturas de apoio para o profesorado, especialmente para o que chegue novo ou o de aulas de cinco niveis, pois moitas veces a maior parte do profesorado, dada a gran cantidade de contidos do curriculum, recurre aos libros de texto dado que ofrecen certa seguridade que aparezan nestes recursos os contidos xa secuenciados, etc.
- Estas estruturas de apoio. Poden reflexarse por exemplo en darlle máis auxe ao libro web.
- Mellorar a comunicación entre as titoras e titores, planificando actividades conxuntas para que todas as escolas do CRA reciban unha formación similar, aproveitando as reunións de ciclo para tratar de compartir experiencias de aula, materiais e actividades para lograr unha maior homoxeneización entre as diferentes escolas.
- Mellorar a comunicación a través do portal Web do CRA.
- Intentar que as actividades que se vaian propoñendo ao longo do curso non supoñan unha sobrecarga de traballo aos titores e titoras e que na medida do posible se integren no que se está desenvolvendo nese momento.

## 3.2. Equipos de traballo.

Funcionaron os seguintes equipos de traballo constituídos polo seguinte profesorado:

*Comisión de Coordinación Pedagóxica:*

| | |
|---|---|
| Presidenta | Vázquez de la Iglesia, María |
| Orientadora | Pazos Penela, Sonia |
| Xefa de estudos | Deira Mougán, Paula María |
| Coordinadora Educación Infantil | Triñanes Rial, Verónica |
| Responsable 1º nivel de Educación Primaria | Mansilla Romero, María José |
| Responsable 2º nivel de Educación Primaria | Castiñeiras Seco, Noelia |
| PT | Vázquez de la Iglesia, María |
| AL | Deira Mougán, Paula María |
| Coordinador EDLG | Jiménez López, Mario |
| Responsable da Biblioteca | Morano Rodríguez, Carla Elisabet |

*Departamento de Orientación:*

| | |
|---|---|
| Xefa do Departamento | Pazos Penela, Sonia |
| Membros | Vázquez de la Iglesia, María |
| | Deira Mougán, Paula María |
| | Triñanes Rial, Verónica |
| | Mansilla Romero, María José |
| | Castiñeiras Seco, Noelia |

*Equipo de actividades complementarias e extraescolares:*

| | |
|---|---|
| Xefa do Departamento | Piñeiro García, Celia |
| Membros | Castiñeiras Seco, Noelia |

| | |
|---|---|
| | Ferreiro Mareque, Raquel |

*Equipo de biblioteca*:

| | |
|---|---|
| Xefa do Departamento | Morano Rodríguez, Carla Elisabet |
| Membros | Álvarez Barreiro, Laura |
| | Castro Moares, Ana Alicia |
| | Beiroa Troiteiro, María Sol |
| | Vázquez de la Iglesia, María |

*Equipo de dinamización TIC*:

| | |
|---|---|
| Xefa do Departamento | Lorenzo Outeiral, María Teresa |
| Membros | Deira Mougán, Paula María |
| | Pazos Penela, Sonia |
| | Iglesias Framil, Elisa Isabel |

*Equipo de Dinamización da Lingua Galega*:

| | |
|---|---|
| Xefa do Departamento | Jiménez López, Mario |
| Membros | Mansilla Romero, María José |
| | Saborido Rial, Martín |

*Equipo Erasmus +*:

| | |
|---|---|
| Xefa do Departamento | Figueiras Martínez, Baltasar |
| Membros | Hevia Trepat, Lucía |

| | |
|---|---|
| | Triñanes Rial, Verónica |
| | García Lorenzo, Pablo |
| | Iglesias Suárez, Paula |

A memoria de cada equipo está recollida no apartado 9.

# 4. Xestión dos recursos.

## 4.1. Equipamento.

Ademais de procurar o mantemento e coidado do equipamento existente procuramos realizar inversións de mellora tanto de dotación materiais tic como de elementos didácticos.

Aínda que este curso se dotou con novos equipamentos, é algo que queda pendente para o vindeiro curso, seguir dotando ás aulas de novos equipamentos informáticos; así como de elementos novos de xogo dos patios.

## 4.2. Espazos.

Os espazos cos que contamos no CRA son suficientes para atender ao alumnado e ofrecerles novas propostas ao alumnado.

O que precisamos é que o concello asuma a limpeza de todos estes espazos cos que podemos contar en cada escola e que arranxe os problemas de humidades cos que contan algunhas aulas (goteiras, manchas de humidade nas paredes, chans resbaladizos,…).

## 4.3. Recursos humanos.

Contamos co profesorado correspondente ao catálogo do centro. Pero non se nos dotou co profesorado titor para a aula habilitada na escola de Cruceiro, polo que o mestre que sería o terceiro apoio de Educación Infantil exerceu unha titoría. Isto fixo que todo o CRA puidese contar só con dous apoios, reducíndose a calidade na educación dos nenos e nenas.

Tampouco contamos cunha persoa que exerza as función de bedel no centro polo que o equipo directivo ten que asumir todas estas función (mandar o correo, pequenas averías que acontecen no día a día nas escolas,…).

# 5. Plan de actuación dos órganos colexiados.

## 5.1. Claustro de profesores.

O claustro de profesores celebrou neste curso 6 reunións ordinarias. Tratáronse diferentes asuntos todos eles de interese para o funcionamento do centro.

Ademais, debido ás características xeográficas do noso centro, cada martes que non houbo claustro, celebrouse unha reunión xeral, tratando nela asuntos de interese e do día a día (saídas, visitas, xornadas de portas abertas,…).

## 5.2. Consello Escolar.

Este curso debíase renovar o Consello Escolar, pero foi adiado pola Consellería debido á situación sanitaria. Tampouco se nos permitiu que acudirán suplentes polo que nos vimos con varios membros menos dos que nos corresponderían.

Os membros que conformaron o Consello Escolar foron os seguintes:

| | |
|---|---|
| Directora | Vázquez de la Iglesia, María |
| Xefa de estudos | Deira Mougán, Paula María |
| Secretaria | Piñeiro García, Celia |
| Representantes do Profesorado | Saborido Rial, Martín |
| | Álvarez Barreiro, Laura |
| | Castro Moares, Ana Alicia |

| | |
|---|---|
| | Jiménez López, Mario |
| Representantes de nais e pais | Vicente Rial, Carolina |
| | Pérez Yáñez, Estefanía |
| Representante da ANPA | Ordóñez Rial, Irene |
| Representante do Concello | Ordóñez, Xusto Xosé |
| Representante Persoal Non Docente | Iglesias Tubío, Eva |

Entre outros asuntos tratáronse os seguintes: aprobación da PXA, aprobación da xustificación económica do ano 2020, orzamentos 2021, programa de actividades complementarias e extraescolares, continuación do PLAMBE, situación da escola de Quintáns, aprobación da memoria final.

Todos os consellos foron telemáticos, como así o requería o protocolo da Xunta anteo a COVID-19, para o que se empregou a ferramenta WebEx. Isto fixo que se producira unha gran diminución da participación por parte das familias e nula participación por parte da representante do Persoal Non Docente.

## 5.3. Departamento de Orientación.

### 1. Introdución

A orientación, segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza desde a escolarización do neno e da nena e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias. Este proceso abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. Trátase dun proceso global que integra

aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino- aprendizaxe e á toma de decisións.

É unha tarefa cooperativa, competencia e responsabilidade de todo o profesorado, especialmente dos titores, e apoiado polo Departamento de Orientación.

Constitúe unha vertente de actuación que completa e complementa a acción estritamente docente e propicia que o alumno/a logre unha educación integral. A orientación educativa funciona como apoio no proceso de ensinanza – aprendizaxe, xa que brinda ferramentas para que o profesorado poida organizar con maior eficacia a súa actividade e facilitar a mellora do rendemento dos seus alumnos e alumnas.

Polo tanto, a orientación é un elemento esencial que favorece a mellora da ensinanza e a calidade da mesma. É un proceso de axuda continua a todas as persoas que participan no proceso educativo cunha finalidade de prevención e desenvolvemento.

Así, tendo en conta as funcións da xefatura do DO establecidas no Decreto 120/1998 e na orde que o desenvolve, Orde de 24 de xullo do 1998, así como as Circulares nas Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, redáctase esta memoria co fin de sintetizar as accións levadas a cabo, o grao de consecución dos obxectivos e establecer as propostas de mellora consideradas necesarias de cara ao ano próximo.

## 2. Contextualización

O Departamento de Orientación do CRA de Rianxo abrangue no seu ámbito de actuación todas as escolas pertencentes ao mesmo, estando coordinado por unha mestra responsable da orientación educativa, que exerce as súas funcións como xefa do departamento.

En canto á estrutura organizativa, neste curso académico 2020/2021 o DO está composto por:

- Xefa do DO: Sonia Pazos Penela
- Mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica (PT) e directora: María Vázquez de la Iglesia.

- Mestra especialista en Audición e Linguaxe (AL) e xefa de estudos: Paula María Deira Mougán.
- Coordinadora de 2º ciclo de EI: Verónica Triñanes Rial.
- Mestra responsable de 1º nivel de EP: Olga Miguéns Cristobo (de setembro a marzo) e Noelia Castiñeiras Seco (de marzo a finais de curso).
- Mestra responsable de 2º nivel de EP: María José Mansilla Romero.

En canto ao calendario de reunións, tal como se establece na normativa, unha vez ao mes mantivéronse reunións do DO con todos os seus membros, e, ademais, todos os venres de 13:15 horas a 14:00 horas, leváronse a cabo reunións de coordinación entre a xefatura do DO e as mestras especialistas en PT e AL.

**3. Grao de consecución dos obxectivos e actuacións da xefatura do departamento de orientación:**

Ao comezo de curso, considerando o Plan de Orientación, o Plan de Acción Titorial, as conclusións e propostas de mellora da memoria do DO do curso anterior, así como as necesidades manifestadas polo claustro de profesores, establecéronse uns obxectivos específicos a acadar dende o DO, que foron recollidos no Plan Anual de Actividades do DO.

Dende o DO leváronse a cabo todas as actuacións necesarias para acadar estes obxectivos, traballando para que a súa consecución fose a correcta e esperada. Así, leváronse a cabo actuacións como as seguintes:

| Actuación | Motivo | Temporalización | Valoración |
|---|---|---|---|
| Elaboración do PAADO | | Setembro | Positiva |
| Organización de apoios e horarios de PT e AL | | Setembro | Positiva |
| Solicitude de bolsas do MEC para ANEAE | | Setembro | Positiva |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Elaboración e/ou revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO: solicitiudes, autorizacións,... | | Setembro | Positiva |
| Recollida de datos na aplicación DRDADI | Achegar datos sobre a AD do centro | Novembro | Positiva |
| Participación nas sesións de avaliación | | Ao final de cada trimestre | Positiva |
| Asistencia ás reunións cos DO do IES e os demais colexios do concello | Coordinarse cos DO dos outros centros educativos do concello | Decembro e xuño | Positiva |
| Realización de avaliacións psicopedagóxicas de alumnado por petición de fammilias e/ou titores/as | Determinar posibles NEAE e tomar decisións en función das mesmas | Ao longo de todo o curso | Positiva |
| Actualización das avaliacións psicopedagóxicasdo alumnado que o precisou | Actualizar información sobre o alumando con NEAE | Ao longo de todo o curso | Positiva |
| Revisión das medidas de AD que están a recibir os alumnos/as | Modificar, se é prciso, as MAD, axustándoas ás necesidades do alumnado | Ao longo de todo o curso | Positiva |
| Elaboración de informes a petición das familias | Achegar información do alumnado que o require a diferentes servizos, na maioría médicos | Ao longo de todo o curso | Positiva |
| Contacto con diferentes | Favorecer a coordinación | Ao longo de todo o | Positiva |

| | | | |
|---|---|---|---|
| profesionais que atenden a algúns ANEAE | e coherencia entre a intervención no centro e os servizos externos que atenden aos ANEAE | curso | |
| Asesoramento e apoio ao profesorado titor na relación coas familias | | Ao longo de todo o curso | Positiva |
| Aplicación da Batería de Aptitudes Generales y Diferenciales (BADyG) ao alumnado de 6º de EI e de 2º de EP | Coñecer o nivel do alumnado en diferentes aptitudes relacionadas co proceso de ensino – aprendizaxe co fin de obter datos de cara á seguinte etapa e/ou curso | Maio – xuño | Positiva |
| Elaboración da memoria do DO | | Xuño | Positiva |
| Recollida de datos na aplicación DRDORIENTA | | Xuño | Positiva |

En canto ao <u>Plan Xeral de Atención á Diversidade</u>:

| Obxectivo | Actuacións levadas a cabo | Temporalización | Grao de consecución |
|---|---|---|---|
| | Realización de avaliacións psicopedagóxicas do alumnado | Durante todo o curso | Acadado |
| | Revisión das MAD que están a recibir os alumnos e | Durante todo o curso | Acadado |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade co fin de acadar o maior desenvolvemento persoal e social | alumnas con NEAE | | |
| | Organización dos apoios de PT e AL | Setembro | Acadado |
| | Coordinación cos axentes externos que atenden ao alumnado con NEAE | Durante todo o curso | Acadado |
| | Aplicación da Batería de Aptitudes Generales y Diferenciales (BADyG) ao alumnado de 6º de EI e de 2º de EP | Maio - xuño | Acadado |
| Solicitar a axuda Axuda para alumnado con necesidade específica de apoio educativo, segundo a Resolución do 31 de xullo de 2020 | Solicitude da bolsa do MEC para unha alumna con NEAE | Setembro | Acadado |
| Facilitar a transición do alumnado que remata a etapa de Educación Infantil e/ou 2º nivel da Educación Primaria ao novo centro | Mantemento das reunións oportunas entre as xefaturas dos DO dos demais centros do concello | Decembro e xuño | Acadado |
| | Achegamento da información precisa do alumnado con NEAE ao novo centro que os vai acoller | Xuño | Acadado |

En canto ao Plan de Acción Titorial:

| Obxectivo | Temporalización | Grao de consecución |
|---|---|---|
| Asesoramento e colaboración na avaliación inicial do alumnado | Durante todo o curso | Acadado |
| Asesoramento e facilitación de recursos para levar a cabo a acción titorial | Durante todo o curso | Acadado |
| Fomento da colaboración e relación titor/a – familia e dunha maior implicación desta última na educación e orientación do seu fillo ou filla | Durante todo o curso | Acadado |
| Asesoramento e colaboración nas accións puntuais e imprevistas relacionadas co desenvolvemento da función titorial | Durante todo o curso | |
| Participación nas sesións de avaliación | Ao final de cada trimestre | Acadado |

**4. Propostas de mellora.**

Como propostas de mellora sinálanse as seguintes:

- Manter unha boa coordinación entre o profesorado titor e o DO co fin de axustar a resposta educativa ao alumnado.
- Continuar aplicando a batería psicopedagóxica BADyG ao alumnado de 6º de EI e de 2º de EP no segundo ou terceiro trimestre.
- Levar a cabo diferentes programas e obradoiros co alumnado:
- Habilidades sociais.
- Lecto – escritura.
- Educación emocional.

- Fomento dos procesos cognitivos básicos.

### 5.4. Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reuníuse ao longo do curso para tratar diferentes asuntos sobre o funcionamento do centro.

Sinalar que debido a tipoloxía do centro, funcionan moito mellor as reunións xerais directamente, onde se comunican estes asuntos a todo o profesorado.

## 6. Plan de actuación do equipo directivo.

### 6.1. Equipo directivo.

O equipo directivo cambiou este curso, tras un nomeamento extraordinario por un curso académico.

Está composto por:

| | |
|---|---|
| Directora | Vázquez de la Iglesia, María |
| Xefa de Estudos | Deira Mougán, Paula María |
| Secretaria | Piñeiro García, Celia |

### 6.2. Avaliación da xestión de dirección.

A pesares de non presentar proxecto de dirección, o programa do equipo directivo contemplaba os seguintes obxectivos, orientados todos a conseguir un bo funcionamento do centro dentro dos aspectos de traballo, respecto e convivencia.

- Cumprir, respectar e facer cumprir e respectar a lexislación vixente.
- Fomentar un clima grato e estimulante, que facilite o traballo, o entendemento entre toda a comunidade educativa e a boa marcha xeral do centro.
- Coordinar as tarefas dos distintos equipos.

- Optimizar o rendemento dos recursos humnos e materiais.
- Dinamizar os órganos de goberno e a coordinación docente promovendo a participación de todos os colectivos da comunidade escolar.
- Deseñar estratexias e plans de actuación que procuren a óptima formación do alumnado.
- Promover e potenciar as boas relacións con toda a ocmunidade educativa, con todas as institucións e colectivos relacionados co centro.
- Actualizar o centro nas TIC, promovendo a formación do profesorado, os proxectos de innovación, a mellora das instalación, os medios e as metodoloxías de traballo.
- Fomentar e promover a formación do profesorado.
- Conseguir un clima de respecto e valoración do profesorado e da súa labor educativa.

Avaliación:

Sendo o noso primeiro ano na dirección, foi un ano de ponernos ao día en moitos aspectos e sempre que se comeza, hai que ir superando algúns obstáculos.

Seguimos en parte as directrices marcadas polo anterior equipo directivo, engadindo algunhas novidades sobre todo organizativas.

Desde a dirección do centro seguiuse e respectouse a lexislación vixente e tamén as instrucións recibidas sobre diferentes asuntos. Informouse debidamente ao claustro sobre estes aspectos e puxéronse en marcha os medios suficiente para isto.

En diferentes reunións falouse da importancia da actualización dos documentos do centro e é por iso que neste curso se actualizou o Proxecto Educativo e o Plan de Autoprotección do Centro.

Consideramos que o clima de traballo foi grato en xeral e que se contou coa responsabilidade de todos os membros da comunidade educativa.

Agradecemos enormemente toda a colaboración e o bo facer do claustro, facilitando que todo se vaia desenvolvemendo sen grandes atrancos.

# 7. Xornada escolar e horario do centro.

O horario do centro continuou sendo de xornada única, dende as 09:00 horas ata as 14:00 horas, distribuíndo neste tempo as sesións de clase e recreo de cada xornada.

O horario do profesorado é o seguinte:

| | |
|---|---|
| Entrada | 08:48 h |
| Saída | 14:12 h |

Os martes pola tarde seguimos o seguinte horario establecido:

| Horario | Finalidade |
|---|---|
| 16:00 – 17:00 h | Reunións de equipos |
| 17:00 – 18:00 h | Reunións xerais ou claustro |
| 18:00 – 19:00 h | Atención ás familias |

O profesorado atendeu en horario de tarde a Biblioteca escolar e o clube de ciencia, os mércores de 16:00 a 18:15 h, velnado polo correcto funcionamento da propia actividade e ofrecendo a posibilidade de préstamo de libros, cumprindo coas medidas sanitarias pertinentes.

As responsables de biblioteca e clube de ciencia organizaron estas quendas, coa supervisión da dirección do centro; de xeito que todo o profesorado completou o seu horario correspondente.

**ALTERACIÓNS DO CALENDARIO ESCOLAR:**

O concello de Rianxo estableceu como día festivo local o seguinte:

- Venres 18 de setembro de 2020.

No calendario laboral autonómico recolleuse como día non lectivo o 19 de marzo de 2021.

Por coincidir o segundo festivo local en período non lectivo, acordouse, cambiar esta data polo día 14 de maio de 2021.

# 8. Reunións dos diferentes equipos.

**1º Trimestre**

| DATA | TEMÁTICA | OBSERVACIÓNS | PRESENCIAL<br>TELEMÁTICA |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| 15 setembro | (Charla Anpa). (17) Reunión xeral | | Presencial |
| 22 setembro | (16:00h) Formación páxina web. (17)Reunión xeral | | Presencial |
| 29 setembro | (16h) Ciclos. (17) Reunión xeral. | - Elección PDI | Telemática |
| 6 outubro | (16h)Equipos (17h) Reunión xeral | Biblio: biblio<br>EDLG:sala mestres<br>TICS/WEB:local social<br>Erasmus+:local social<br>EACE:dirección | Presencial |
| 13 outubro | (16h) CCP e orientación (17) Reunión xeral | -PXA | Presencial. Local social |
| 20 outubro | (16h)Claustro (18) Consello Escolar | -PXA<br>-Dia non lectivo | Telemática |
| 27 outubro | (16h) Ciclo Infantil (17h) Reunión xeral | Local social | Presencial |
| 3 novembro | (16h) Ed. Primaria (17h) Reunión xeral | Local social | Presencial |
| 10 novembro | (16h) CCP e Orientación<br>(17h) Reunión xeral | | Telemática |
| 17 novembro | (16h) Claustro (18h) Consello Escolar | -Renovación Consello Escolar | Telemática |
| 24 novembro | (16h) Equipos (17) Reunión Xeral | | Telemática |
| 1 decembro | (16h) AVALIACIÓN | | Presencial |
| 15 decembro | (16h) AVALIACIÓN | | Presencial |
| 22decembro | Xuntanza Nadal | | |

**2º Trimestre**

| DATA | TEMÁTICA | OBSERVACIÓNS | PRESENCIAL TELEMÁTICA |
|---|---|---|---|
| 12 xaneiro | (16h) Ciclo Infantil (17h) Reunión xeral | | Telemática |
| 19 xaneiro | (16h) Claustro (19:30h) Consello escolar | | Telemática |
| 26 xaneiro | Suprímese pola formación do día 25 | | |
| 2 febreiro | (16h) Primaria (17h) Reunión xeral | | Telemática |
| 9 febreiro | (16h) Novas do Erasmus+ (17h) Reunión xeral | | Telemática |
| 23 febreiro | (16h) Equipos (17h) Reunión xeral | | Telemática |
| 2 marzo | (16h) CCP Orientación (17)Reunión xeral | - Orzamentos | Telemática |
| 9 marzo | (16h) Claustro (18h) Consello escolar | -Admisión | Telemática |
| 16 marzo | (16) AVALIACIÓN | | Presencial |
| 23 marzo | (16) AVALIACIÓN | | Presencial |

**3º Trimestre**

| DATA | TEMÁTICA | OBSERVACIÓNS | PRESENCIAL TELEMÁTICA |
|---|---|---|---|
| 6 abril | (16h) Reunión xeral | | Telemática |
| 13 abril | (16h) Ciclo Infantil (17h) Reunión xeral | | Presencial |
| 20 abril | (16h) Ed. Primaria (17h) Reunión xeral | | Presencial |
| 27 abril | (16h) CCP/Orientación (17:00) Claustro (18:00h) Consello Escolar | -Proceso admisión | Telemática |
| 4 maio | (16h) Equipos (17h) Reunión xeral | | Presencial |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 11 maio | (16h) Ciclo Infantil (17h) Reunión xeral | | Presencial |
| 18 maio | (16)Ed. Primaria (17)Reunión xeral | | Telemática |
| 25 maio | (16)CCP e DO (17h) Reunión xeral | | Presencial |
| 1 xuño | (16) Claustro (18)Consello Escolar | -Matrícula<br>-Fondo libros<br>-Fin de curso | Telemática |
| 8 xuño | AVALIACIÓN | | Presencial |
| 15 xuño | AVALIACIÓN | | Presencial |

# 9. Memoria dos Proxectos de Innovación Educativa.

## 9.1. Dinamización TIC. (Orde 17/07/2007, Artc. 6) .

**1.- Composición do equipo:**

- Elisa Isabel Iglesias Framil (mestra de educación infantil).
- Paula María Deira Mougán (xefa de estudos e mestra de audición e linguaxe).
- Sonia Pazos Penela (xefa do dpto. de orientación).
- María Teresa Lorenzo Outeiral (mestra de apoio – coordinadora do equipo)

**2.- Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

| Obxectivos | Consecución | Dificultades atopadas |
|---|---|---|
| Manter actualizada a páxina web e aula virtual do centro. | En canto a este obxectivo reorganizáronse os bloques, creouse o libro web de este curso (Fíos de Palabras), ocultouse contido de anos anteriores e creouse contido novo. | Escasa formación da coordinadora do equipo en Drupal e moodle.<br>Falta de tempo para as tarefas de mantemento e actualización así como para a creación de contidos. |
| Facer unha posta a | Para acadar a consecución | A maior dificultade en canto a |

| | | |
|---|---|---|
| punto dos equipos informáticos das distintas escolas e contribuír ó seu mantemento e bo funcionamento. | deste obxectivo as mestras pertencentes a este equipo xunto coa dirección do centro intentaron solventar as dificultades que foron xurdindo, botando man tamén da UAC e da contratación dunha empresa externa ao centro (Viñas Soluciones Informáticas, S.L). | consecución de este obxectivo ven dada polo feito que as distintas escolas / unidades non están ubicadas nun mesmo edificio. |
| Potenciar a relación coas familias, coa comunidade educativa e entre os membros do claustro a través de medios telemáticos. | Acadamos este obxectivo por exemplo a través da plataforma Abalar (achegando información ás familias), das apps webex (para a realización de claustros, consellos, reunións de equipos…) e whatssap (para o intercambio de información sobre todo entre titores/as e familias e entre os membros do claustro (ausencias de profesorado, avisos importantes, …<br><br>Tamén a páxina web do centro serviu para trasladar información as familias e a comunidade educativa en xeral. | A consecución de este obxectivo veuse condicionado pola dificultade de acceso a internet e falta de recursos dalgunhas familias (situación que se intentou solucionar dende o centro). |
| Empregar as TICs como recurso para traballar distintos contidos educativos. | Este obxectivo foi levado a cabo nas distintas escolas de diversas maneiras: buscando e ampliando información dun proxecto a través de internet, desenvolvendo o sentido crítico a través da proxección de producións audiovisuais (tendo | Mal funcionamento dos recursos TICs nalgunha escola, problemas coa conexión a internet. |

| | | |
|---|---|---|
| | en conta a Circular 14/2014) , traballando os valores (educación para a igualdade ,educación do consumidor…) a través dos anuncios publicitarios…<br><br>Reforzando aprendizaxes a través de xogos coa PDI, co robot educativo DOC de Clementoni,… | |
| Realizar sesións formativas para mellorar a competencia dixital do claustro do centro. | Realizouse por parte dun mestre do claustro unha sesión formativa.<br><br>Parte do claustro participou nos cursos de ferramentas tecnolóxicas (iniciación e avanzado). | Debido ás medidas preventivas contra o Covid-19 a sesión formativa tivo un aforo limitado, desenvolvendo dita sesión en dúas quendas. |
| Facer un inventario TICs das distintas escolas. | As distintas escolas colaboraron na realización dun inventario de recursos tecnolóxicos presentes en cada unha das aulas.<br><br>Este rexistro TICs de cada unha das aulas foi recollido nun único documento que se lle entregará a secretaria do centro. | Esta tarefa supuxo unha sobrecarga de traballo para as titorías, posto que xa en anos anteriores tiveran que rexistrar dito inventario. |
| Cumprir o protocolo de protección de datos (EDUCONVIVES) no | Este obxectivo foi acadado cumprindo o establecido no Protocolo de protección de datos e na Lei 3/2018 de 5 de | |

| | | |
|---|---|---|
| emprego da TICs. | decembro en canto o tratamento e cesión de datos e imaxes de toda a comunidade educativa. | |
| Mellorar a competencia dixital do alumnado a través de distintas accións. | Traballando coa PDI, manexo do rato, facendo vídeo chamadas cos teléfonos móbiles, traballando co procesador de textos, acercándose o emprego de apps como google maps… | Falta de recursos |

**3.-Valoración das actividades desenvoltas.**

En termos xerais as actividades desenvoltas no ámbito das TICs ao longo deste atípico ano foron positivas en canto a que motivaron ao alumnado cara a consecución de aprendizaxes e competencias, serviron como medio de expresión (escribindo, debuxando, falando, cantando…), axudaron a obter información sobre temas nos que se estaba a traballar ou sobre curiosidades do alumnado, facilitaron a comunicación coas familias e en xeral con toda a comunidade educativa, axudaron na formación permanente do profesorado do centro e na atención a diversidade do alumnado.

**4.- Propostas de mellora.**

- Seguir mellorado a apariencia da páxina web do centro.
- Organizar e renovar os recursos tecnolóxicos (actualizacións de programas, limpeza de arquivos, reposicións…
- Neste senso destacar que está solicitada unha PDI para a escola de Cuvide e un canón, portátil e ordenador de sobremesa para a escola de Capela (que haberá que volver a solicitar o próximo curso posto que informaron ao centro que non quedaban existencias).

- No verán a dirección do centro fará unha revisión dos equipos das distintas escolas en colaboración coa UAC.
- Actualizar o inventario das escolas e rexistrar o material informático das especialidades e da sede.
- Ampliar recursos informáticos de cada escola (tablets, rato e teclado adaptado a idade dos nenos/as, robots educativos…
- Mellorar a participación na paxina web do centro.
- Realizar formación encamiñada a mellorar a competencia dixital do claustro.
- …

Finalizo esta memoria agradecendo ao equipo deste ano e a dirección do centro a axuda prestada.

## 9.2. Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO).

**INTRODUCIÓN:**

O Programa de Estimulación da linguaxe Oral (de aquí en adiante, PELO) é un programa dirixido a previr posibles dificultades e potenciar a aprendizaxe máis importante que fan os nenos/as nos seus primeiros anos de vida que é a aprendizaxe da lingua, anticipándonos aos problemas que poidan xurdir e reforzando as habilidades e competencias que entran en xogo na aprendizaxe lingüística.

O PELO foi impartido ao longo do curso pola mestra especialista en Audición e Linguaxe en coordinación co/a titor/a correspondente e a súa temporalización foi de 1 sesión semanal.

Este programa lévase a cabo co alumnado da Educación Infantil estimulando a adquisición da linguaxe en tódalas súas dimensións tendo en conta a repercusión positiva que provoca nas habilidades de comunicación, o desenvolvemento xeral cognitivo, desenvolvemento social, afectivo e adquisición das aprendizaxes.

**2.- CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS. DIFICULTADES ATOPADAS.**

Os obxectivos plantexados para este curso foron os seguintes:

- Estimular o uso axeitado da lingua oral en diferentes situacións de comunicación.
- Detectar, previr e corrixir dificultades na linguaxe e na fala.
- Mellorar os prerrequisitos da linguaxe: a atención e percepción.
- Estimular as bases funcionais da fala: praxias, soplo e respiración
- Adquirir destrezas lingüísticas reforzando os ámbitos fonético-fonolóxico, léxico-semántico, morfosintáctico e pragmático.
- Aumentar progresivamente o vocabulario expresivo e comprensivo: sustantivos, adxectivos, verbos e adverbios.
- Comprender e estructurar oracións adecuadas ao nivel, aumentando progresivamente a complexidade.
- Desenvolver as capacidades sociocomunicativas que lles permita manter relacións sociais cos seus compañeiros/as e adultos.
- Potenciar a intencionalidade comunicativa, adquirir habilidades conversacionais básicas así como as normas do intercambio comunicativo.
- Comprender e realizar narracións orais progresivamente máis complexas.

As **principais dificultades** atopadas no desenvolvemento das sesións de PELO prodúcense como consecuencia directa da situación sanitaria vivida polo COVID que nos obriga a usar as mascarillas na aula, o cal dificulta notablemente a realización dos exercicios e actividades necesarios para o desenvolvemento e corrección das dificultades da fala, que son tan frecuentes nestas idades. Estas actividades de estimulación e facilitación da fala e da pronunciación son: os exercicios de motricidade e entrenamento dos músculos bucofaciais (lingua, dentes, beizos, mandíbula, carrillos…etc) que favorecen a axilidade e a fortaleza dos músculos fonoarticulatorios e os exercicios de respiración e soplo xa que favorecen unha correcta fonación. Ademais, hai que

sinalar que a linguaxe adquírese e corríxese por imitación do modelo dos adultos (mestres, neste caso) e o feito de ter a zona facial oculta baixo as mascarillas, non permite mostrar ao alumnado os modelos correctos de articulación.

A formación de subgrupos dentro da aula tamén condicionou o desenvolvemento normalizado das sesións principalmente no referente ao traballo en grupos os cales favorecen as habilidades de comunicación e socialización.

**3.-VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLTAS.**

Nas clases de PELO realizáronse xogos e actividades dinámicas, grupais, dirixidas a enriquecer os catro ámbitos da linguaxe: fonético-fonolóxico, léxico semántico, morfosintáctico e prágmático. Cada sesión semanal xirou en torno a un centro de interese diferente alternando:

- **Contos** (escoita activa, comprensión, descrición de imaxes, repetición de diálogos, etc)
- **Traballos en PDI** (vocabulario, descrición, secuencias lóxicas, etc),
- **Recitado e memorización** de poemas e refráns
- **Cancións** infantís
- **Actividades artísticas** (debuxos, manualidades)

sempre a expresión e comunicación oral que é obxectivo central a desenvolver.

**4.- PROPOSTAS DE MELLORA.**

A proposta de mellora máis importante é: ir adquirindo en cada unha das aulas de Educación Infantil unha maior dotación de material específico xa que enriquecería e favorecería positivamente o proceso educativo.

## 9.3. Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).

Adxúntase como un anexo.

## 9.4. Proxecto Voz Natura.

Adxúntase como un anexo.

## 9.5. Plan Proxecta.

**1.- Composición do equipo:**

- Mario Jiménez López (Coordinador)
- Participou activamente todo o profesorado no desenvolvemento das actividades de ambos programas.

**2.- Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Aliméntate ben: este proxecto deseñouse para favorecer a adquisición e a consolidación de hábitos alimentarios saudables. Busca lograr o desenvolvemento da sensibilidade sensorial individual fronte á variedade de alimentos, a exposición sucesiva a estes e a asociación doutras vivencias determinadas polo contexto social da comida. Tratamos de chegar o noso alumando para modificar os seus hábitos alimenticios aportándolle a formación necesaria para convertilos en consumidores responsables e capaces de facer eleccións saudables no futuro.

Con esta proposta deuse continuidade as actividades desenroladas nos últimos cursos no centro, onde apostamos por unha alimentación saudable partindo por un lado de inculcar un consumo axeitado de froita, tanto en cantidade coma en variedade, por elaborar na propia escola e na casa moitas receitas creativas e por introducir tamén o consumo de conservas, polo tanto, consideramos que o obxectivo principal do programa foi acadado. A maior dificultade atopada foi a situación sanitaria actual que condicionou a realización de obradoiros de cociña e alimentación ca colaboración de familias ou expertos dentro das nosas aulas.

Proxecto de vida activa e deportiva: "Móvete con Daniel": o obxectivo principal do programa era aumentar o tempo de actividade física do noso alumnado, tanto en horario lectivo como fora del, e decir, buscamos que os nosos escolares leven unha vida activa e propiciar que os nenos e as nenas incrementen a súa carga de actividade física realizada no ámbito do centro educativo, experimentando novas formas e modelos deportivos para conseguir unha condición física máis saudable e adoptando uns hábitos de vida máis activos, que se prolonguen ata a súa madurez.

Dito obxectivo principal foi acadado no horario lectivo, xa que o alumnado aumentou o seu

tempo de actividade e experimentou moitas novas modalidades deportivas pero fora do horario lectivo detectamos que o tempo de activiade física dos nosos escolares mermou respecto a anos anteriores posiblemte debido a cancelación de moitas das actividades extraescolares durante gran parte do curso escolar.

**3.- Valoración das actividades desenvoltas**

As principais actividades realizadas ao redor de ambos programas funcionaron moi ben en xeral. Respecto a Aliméntate Ben, modalidade Xermoliño, valoramos moi positivametne a participación do centro nos obradoiros de "Semana da froita" e " Fai clic ao teu bocata", así como actividades elaboradas no propio centro como a creación de hortos escolares, a elaboración de receitas e pratos nas nosas escolas, a visita a lugares próximos da contorna de interese agroalimentario, o estudo das propidedaes dos alimentos no clube de ciencia "Nautilus"… polo que estamos satisfeitos co funcionamento das actividades desenvoltas e pretendemos repetilas o vindeiro curso, ampliando ca creación dalgunha a maiores.

Respecto a "Móvete con Daniel" cabe salientar o bo funcionamento das clases de iniciación deportiva que tivemos este curso en pequenos grupos, en substitución das sesións de polideportivo nas que todo o alumando do CRA de Rianxo se reunía nun mesmo lugar. Outra medida importante foi o incremento de tempo de actividade física que dispuxeron os nenos durante os recreos, contribuindo o incremento global de actividade física que era o principal obxectivo deste programa.

**4.- Propostas de mellora.**

Neste curso atípico pola situación sanitaria a principal proposta de mellora de cara o ano que ven e recuperar as actividades que foron canceldas, como por exemplo a visita a piscina municipal ou os obradoiros de cociña con familias, no caso de non poder realizar estas actividades o reto será encontrar outras actividades que nos acheguen os mesmos contidos e experiencias para que o noso alumnado siga optando por un estilo de vida activo e saudable.

Outra proposta de mellora e utilizar máis a figura da nosa mascota “Daniel” para dar a coñecer a este proxecto dentro da comunidade educativa, para incrementar o traballo interdisciplinar en colaboración con materias como plástica ou música, en definitiva, para implicar as crianzas e profesorado.

## 9.6. Proxecto Erasmus.

**1.- Composición do equipo:**

O equipo fórmano 5 mestres (4 mestras/es titores e 1 mestre especialista):

- Verónica Triñanes Rial.
- Pablo García Lorenzo.
- Lucía Hevia Trepat.
- Baltasar Figueiras Martínez.
- Paula Iglesias Suáres.

**2.- Obxectivos e dificultades atopadas.**

O principal obxectivo do equipo de internacionalización é lograr unha especialización dos profesionais do CRA de Rianxo na metodoloxía e ensinanza en aulas multigrado, e lograr así, que o centro se converta nun referente no tocante a metodoloxías activas en aulas con agrupamentos verticais. A partir deste obxectivo principal desgránanse unha serie de obxectivos secundarios:

- Executar de forma idónea o proxecto RUSTIC. Proxecto aprobado no marco da convocatoria ERASMUS+.
- Participar en distintas accións formativas (cursos, seminarios, xornadas,...) relacionadas cas aulas multigrao.

- Difundir o coñecemento adquirido no relativo a metodoloxías en aulas multigrao, aos distintos axentes educativos: ANPA, Inspección Educativa, Coordinadores de Equipo, profesionais educativos doutros centros, organismos educativos como o CAFI, distintas administracións, centros educativos da contorna.
- Implicar a todo o profesorado na consecución do obxectivos principais.
- Crear unha rede estable de alianzas e socios na que exista un intercambio fluído de experiencias e coñecemento.
- Investigar, estudar e elaborar textos científicos que permitan profundar na temática obxecto de estudo.
- Internacionalizar ao centro realizando accións de dimensión europeas e transnacionais.

A principal dificultade atopada foi que a situación sanitaria debida ao COVID-19 impediu realizar as viaxes de traballo do proxecto RUSTIC Multigrao, quedando aplazadas para o vindeiro curso.

**3.-Valoración das actividades desenvoltas.**

ACCIÓNS DESENVOLTAS:

- Accións de visibilización:
  - PRESENCIA EN MEDIOS E REDES SOCIAIS: Cremos firmemente na necesidade da visibilización das aulas multigrao de cara a que os principais axentes educativos tomen consciencia da realidade destas aulas. Para elo os medios de comunicación e as redes sociais xogan un papel fundamental. En canto estas útlimas, o equipo de programas internacionais creou contas de instragram, de twitter e de facebook para difundir as principais accións que se desenvolven no centro en relación a multigraduación.

No mesmo senso, tivemos presenza nos medios de comunicación tanto a través de prensa escrita como a través das televisións locais. Deixamos, a continución, unha ligazón cunha reportaxe de La Voz de Galicia sobre as aulas multigrao. (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/rianxo/2021/01/16/cra-rianxo-apuesta-aulas-multigrado-futuro-educacion/0003_202101B16C4992.htm)

  - ELABORACIÓN E DESEÑO DO FOLLETO SOBRE AS POTENCIALIDADES DAS AULAS MULTIGRAO: Estamos convencido de que as aulas multigrao ofrecen unha serie de posibilidade que non son posibles en aulas “normalizadas”, sempre e cando teñan un tratamento axeitado.

    Co fin de visibilizar as aulas multigrao e a súas potencialidades deseñamos un folleto que, no inicio de próximo curso, enviaremos a todos os centros con algunha aula multigrao na súa organización.

- Formación recibida: Dentro do Plan de Formación propio participamos na organización e fomos receptores do curso sobre a didáctica das Aulas Multigrao, que impartiu, de forma presencial, Javier Castillo e complementouse con mesas de traballo e debate. Estas mesas foron coordinadas por Verónica Triñanes e Lucía Hevia membras o equipo de internacionalización.

- Formación impartida: Tivemos a oportunidade de participar nas Xornadas de Formación Especializada para equipos directivos de CRAs, organizadas polo CAFI. María Vázquez, como directora e en representación do CRA de Rianxo, participou como relatora neste curso, dando a coñecer as principais liñas de traballo que estamos desenvolvendo.

  Outra acción formativa na que fomos convidados foi as VI Xornadas de Innovación Educativa Rural, na que participaron como relatoras Verónica e Lucía.

- Investigación: un dos traballo máis sesudos do presente curso foi a realización da enquisa sobre a realidade das aulas multigrao e a elaboración do posterior informe. Deseñamos unha

pequena enquisa que enviamos aos 267 centros que dispoñen dalgunha aula multigrao na súa organización. A partir da información obtida elaboramos o informe da realidade das aulas multigrao no sistema educativo galego. Este informe foi transferido a Universidade de Santiago de Compostela para o seu tratamento científico e posterior publicación nunha revista especializada.

- Creación de rede de traballo: durante o presente curso 20/21 tivemos a oportunidade de reunirnos con distintas persoas e institucións relacionadas dalgunha forma co ensino multigrao. Nestas reunións puidemos expoñer o noso proxecto de centro e explorar posibilidades de colaboración. Algunhas das institucións foron: Universidade de Santiago de Compostela, Centro Autonómico de Formación e Innovación, Fundación Princesas de Girona, Parlamento de Galicia, concello de Rianxo, Universidade de Vic, conjería de educación do Goberno de Aragón.

  Estes contactos permiten contribuir a visibilización das aulas multigrao ademáis de unir sinerxias para traballar de forma conxunta en proxectos que permitan crear estructuras de soporte as aulas multigrao.

  Destacamos neste apartado a visita ao PARLAMENTO GALEGO, no que tivemos a oportunidade de poder partillar co deputado Ovidio Rodeiro, explicando en detalle a situación actual das aulas multigrao e dando a coñecer o noso proxecto de especilización.

- Plan de traballo coa USC: destacamos como un dos puntos destacados deste apartado o traballo levado a cabo coa Facultade de Ciencias de Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Mantivéronse diferentes reunións de traballo explorando colaboracións e concretando proxectos conxuntos. Detallamos, a continuación, as accións nas que se traballa co equipo decanal da Facultade de Ciencias da Educación:

  - Elaboración, revisión e publicación do informe sobre a realidade das aulas multigrao no sistema educativo galego.

- Proxecto ERASMUS+. A principios do ano 2021 publicouse a guia do programa do novo periodo. Estudiada a guia decidiuse tomar a decisón de presentar un novo proxecto de ERASMUS+ relacionado coas aulas multigrao, nas seguintes convocatorias.
- Deseño do programa do ciclo de charlas sobre as aulas multigrao. Co obxectivo de dar coñecer esta tipoloxía de aulas no contexto universitario. Así deseñouse a programación dun conxunto de charlas para o alumnado dos graos de infantil, primaria, pedagoxía,
- educación social e dobre grao de infantil e primaria.
- Deseño das Xornadas do Ensino Multigrao. Tamén se deseñou o programa da acción formativa Ensino Multigrao, que se celebrará no próximo curso e contará con relatores do CRA de Rianxo, da Universidade de Santiago de Compostela e de expertos nacionais.

VALORACIÓN

Na última reunión do equipo de Programas Internacionais levouse a cabo a avaliación do traballo desenvolto durante o curso 2020/2021.

Realízase unha valoración moi positiva tanto do traballo desenvolto polo equipo como dos resultados obtidos.

Destácase que ademais de todos os logros obtidos e detallados anteriormente, existe xa unha serie de accións para o vindeiro curso como a execución do proxecto RUSTIC, o desenvolvemento das Xornadas do Ensino Multigrao, a realizacións das charlas na facultade ou o envío do folleto coas potencialidades que indica que a sostebilidade do proxecto goza de boa saúde.

**4.- Propostas de mellora.**

Establécense como melloras unha maior presencia nas redes coa intención de acadar unha maior influencia, o traballo en conxunto e contacto con outras escolas con aulas multigrao e por último a influencia na Administración de cara a toma de conciencia da situación e oportunidades das aulas multigrao.

## 9.7. Seccións Bilingües.

**1.- Composición do equipo:**

- Pablo García Lorenzo. Coordinador, mestre de Inglés e profesor CLIL.
- Mario Jiménez López. Profesor de Ed. Física e profesor CLIL.
- Baltasar Figueiras Martínez. Titor da escola de Rañó e profesor CLIL.

**2.- Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Consideramos que os obxetivos das materias foron acadados na súa gran maioría por todo o alumnado, e ademais, os nenos aumentaron a súa cultura e o seu desenvolvemento linguístico.

Os resultados foron moi positivos, tanto a nivel lingüístico, como na motivación do alumnado cara o proxecto:

- Detectouse que houbo unha notable mellora nas competencias lingüísticas en inglés do alumnado dos cinco grupos, especialmente no uso da linguaxe cotiá de aula.
- O grao de satisfacción dos grupos co resultado da experiencia é moi satisfactorio. Como xa levan uns cursos, xa asumen como cotiá que as clases de plástica e Ed. Física sexan en Inglés e Galego.
- As estratexias, material e actividades utilizados polos mestres para o desenvolvemento das Seccións Bilingües foron axeitados e contribuiron á consecución dos obxectivos propostos, tanto os propios da materia coma os lingüísticos.

**3.-Valoración das actividades desenvoltas.**

Durante este ano escolar 2020-2021, o proxecto de innovación das Seccións Bilingües continuou funcionando con éxito no noso centro. As catro seccións tiveron unha estupenda acollida por parte dos alumnos/as e das familias; e tamén do resto de membros da Comunidade Educativa.A base fundamental era que a lingua non é un obxectivo en sí, senón un vehículo de transmisión de coñecementos que proporciona ao alumnado un contexto no que desenvolver e experimentar coa

lingua. Unha lingua sempre se domina mellor se se emprega para aprender.Ademais, a capacidade de comunicarse nunha lingua estranxeira e o seu coñecemento, proporcionan unha axuda indispensable para o dominio da lingua materna, garantindo unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos/as e que os prepara para un uso correcto e fluído das dúas linguas en situacións cotiás da vida.

Por outra parte, contamos coa auxiliar de conversa Hannah McAdoo, que traballou con nós durante 16 horas semanais, dende novembro a febreiro, xa que estivo compartida co CRA de TEO, e por motivos de protocolo COVID, estivo a tempo completo con nós durante a metade do programa de auxiliares de conversa. Por esta razón, ademais das clases de seccións bilingües, estivo en varias aulas nas clases de inglés. Notouse un incremento notable da comunicación entre o alumnado mellorando moito as destrezas de listening e speaking, ademais de coñecer as costumes, festas e tradicións dos Estados Unidos. Os nenos mostraban moito interese en ensinarlle cousas e aprender dunha persoa nativa. En educación física, Hannah compartiu con nós as súas tradicións, bailes e xogos populares. O alumnado xa sabe o que é ter unha auxiliar na aula, e as clases de Inglés, Arte e Ed. Física fanse moito máis fructíferas deste xeito. Os mestres tamén melloraron a súa competencia lingüística, estando en constante contacto coa auxiliar. É unha experiencia da que non se extrae nada negativo, salvo que desexaríamos contar coa auxiliar a tempo completo, (16h e non 8h) xa que é unha experiencia totalmente necesaria.

**4.- Propostas de mellora.**

- En canto as propostas de mellora, consideramos totalmente necesario continuar co programa de auxiliares de conversa, xa que foi un éxito e ademais o próximo curso, o centro realizará viaxes dentro do programa Erasmus+, polo tanto aínda o vemos máis necesario tanto para profesorado como para o alumnado.
- Consideramos de vital importancia que a auxiliar de conversa traballe con nós a tempo completo. Os nenos estiveron moi motivados ca súa presenza ademáis de ser moi productiva

a nivel pedagóxico e tamén académico xa que o alumnado está en contacto cunha persoa nativa, algo fundamental para o aprendizaxe dunha lingua.

## 9.8. Clube de Ciencia "Nautilus".

**1. Composición do equipo:**

- Coordinadora: Celia Piñeiro García
- Participación de todo o claustro de profesores/as.

**2. Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

- Potenciar o pensamento científico no alumnado.
- Crear situacións onde o alumnado poida reflexionar, formular hipóteses e tomar decisións sobre actuacións.
- Achegar ao alumnado ao contorno máis próximo.
- Desfrutar coñecendo e comprendendo o mundo científico do noso redor.
- Incrementar a experiencia científica na aula a través do aprendido no clube de ciencia.
- Potenciar a coeducación no ámbito científico.

Con respecto ás dificultades atopadas salientar que este curso houbo que levar a cabo a realización de 3 grupos independentes para non superar en ningún deles os 10 alumnos/as e así garantir dunha mellor maneira a seguridade sanitaria fronte á COVID-19. Isto fixo que precisásemos contar con dous biólogos da entidade Arenaria Coordinación xa que dous grupos funcionaban simultáneamente.

Debido á situación sanitaria vivida houbo algunha experiencia científica que non se puido realizar como se viña facendo ata este curso, xa que precisou de adaptación; destacando aqueles experimentos e actividades onde se contaba con material para cada alumno/a.

**3. Valoración das actividades desenvoltas.**

A pesares das adaptacións á situación sanitaria deste curso, a valoración é moi positiva.

En relación ao Clube de Ciencia leváronse a cabo tres tipos de actividades:

- Clube de ciencia propiamente: os mércores de 16:00 a 18:15 h con experimentos e exposicións.
- Achegamento do clube de ciencia ás aulas: no mes de Febreiro non se puido desenvolver o clube de ciencia como tal debido ás restricións dese momento. Entón os propios monitores, durante unha semana, percorreron ás 11 aulas para ofertar unha sesión científica ao alumnado. Isto foi moi ben acollido tanto por parte do profesorado como do alumnado, xa que por fin podiamos achegar o clube ao alumnado de 3 e 4 anos.
- Achegamento da ciencia por parte do profesorado: moito do profesorado levou durante todo o curso parte dos experimentos aprendidos á aula.
- Caixas de exploración: configuráronse unhas caixas con material de exploración (lupas, pinzas, botes de observación, brúxulas, cadernos de campo, placas de Petri,...) por cada escola para fomentar a investigación e exploración científica nos recreos.
- Plan de Formación Permanente do Profesorado en relación co clube de Ciencia: este curso tivemos unha liña de formación en torno á ciencia onde puidemos formarmos en experimentos adaptados á idade do noso alumnado.

**4. Propostas de mellora.**

- No mes de xuño configurouse un recanto científico na biblioteca, que comezará a funcionar o vindeiro curso. Trátase de montar unha maleta viaxeira científica chea de material (lupas, microscopios dixitais, probetas, pipetas, tubos de ensaio, prismáticos,...) e libros relacionados coa ciencia, que percorrerá todas as aulas durante o curs.

- Seguir coas caixas de exploración e incrementar o material que hai nelas.
- Permitir que todo o alumnado de Educación Infantil poida participar do Clube de Ciencia. A convocatoria indica que é para primaria; polas nosas características de centro permítesenos abrir o clube de ciencia ao alumnado de 6º curso de Educación Infantil. Non obstante vemos que calquera neno desta etapa podería desfrutar e aproveitar esta experiencia, polo que nos gustaría poder ofrecer esta posibilidade.
- Permitir que parte da dotación económica que recibimos polo Clube de Ciencia se poida invertir en material inventariable propiamente científico (lupas, pipetas,...). Polas características do noso alumnado e do propio centro, precisamos moito material manipulativo xa que os nenos/as nestas idades aprenden tocando, manipulando e investigando con todos os sentidos. Ademais ao ser un CRA, un conxunto de escolas, independentes xeograficamente, precisamos que o material esté repetido nas distintas escolas.

## 9.9. Biblioteca Creativa.

**1.- Composición do equipo:**

- Carla Elisabet Morano Rodríguez
- Ana Alicia Castro Moares
- María Sol Beiroa Troiteiro
- Laura Álvarez Barreiro
- María Vázquez de la Iglesia

**2.- Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Este curso escolar 2020/2021 é o segundo no cal o noso centro, CRA de Rianxo, forma parte do Proxecto de Biblioteca Creativa. Foi un curso diferente marcado pola situación sanitaria derivada

do COVID, así como pola aplicación e adecuación dos centros e da práctica educativa ao protocolo establecido para facer fronte á mesma.

A pesar disto, dende o equipo de biblioteca atopámonos satisfeitos co traballo desenvolto xa que puidemos acadar en maior ou menor medida os obxectivos prantexados neste proxecto.

As dificultades que atopamos estiveron relacionadas coa organización e posta en marcha de actividades xa que, a aplicación das restricións establecidas no protocolo hai que engadirlle as características peculiares do noso centro en canto á dispersión xeográfica das escolas e do alumnado, o que dificulta o acceso á biblioteca.

**3.-Valoración das actividades desenvoltas.**

Ao igual que no tocante á consecución dos obxectivos, o desenvolvemento das actividades estivo marcado pola situación sanitaria e o protocolo COVID.

Tal e como se mencionou con anterioridade, as características do noso centro non permiten que o alumnado asista con frecuencia á biblioteca nin que esta se atope aberta de xeito permanente para que o alumnado poida acceder con liberdade á mesma.

Este ano, dende Biblioteca Creativa, dotouse ao centro dunha impresora 3D. Así, o 26 e 27 de Outubro a responsable da biblioteca asistiu a unhas xornadas de experiencias e formación en impresora 3D. Nestas xornadas, centros que dispoñen desta impresora presentaron exemplos de diferentes actividades propostas ao alumnado, e a persoa responsable recibiu unha sesión de formación para o manexo da impresora 3D. As conclusións destas xornadas foron trasladas tanto ao

equipo de biblioteca como ao resto do profesorado, o cal se iniciou no manexo da impresora.

Como xa dixen ao comezo, este curso resultou difícil poñer en práctica actividades relacionadas coa impresora 3D pois requirían da asistencia do alumnado á biblioteca. Dado que nonse podían realizar xuntanzas co alumnado fóra dos seus grupos burbulla, non puidemos levar a cabo todas ás visitas á biblioteca que nos houbesen gustado.

No mes de Marzo, e para despedir o segundo trimestre, dende o equipo de biblioteca organizamos unha saída para o alumnado co fin de que visitasen a biblioteca e poder desenvolver con eles diversas actividades. Esta sesión desenvolveuse ao longo de toda unha semana durante a cal cada día asistiron á sede dúas aulas. Con estes dous grupos leváronse a cabo diferentes actividades, entre elas, unha relacionada co emprego e manexo da impresora 3D.

A actividade consistiu en explicarlle ao alumnado como funciona a impresora e facerlle unha demostración imprimindo a inicial da súa escola. Previamente, o equipo de biblioteca estivo a imprimir as iniciais de tódolos nenos e nenas do centro para que durante a sesión de biblioteca puidesen decorala e levala para a casa como agasallo da biblioteca.

Por outra banda continuamos coa actividade dos Escornabots a cal se puxear en marcha o curso anterior pero debido á suspensión das clases quedara sen rematar. Este ano, a través das dúas maletas de xogo, fixéronse chegar ás escolas diferentes materiais e xogos para o alumnado entre os que se atopaban os Escornabots.

**4.- Propostas de mellora.**

Logo de rematar o curso escolar e de analizar o desenvolvemento do mesmo, das actividades, e da aplicación das medidas recollidas no protocolo COVID, chegamos á conclusión de que a pesar da incerteza que temos de cara a como se afrontará o curso que ven e as medidas que deberemos poñer en práctica, a biblioteca debe estar mais presente ca nunca e converterse nun nexo de unión e punto de encontro para o alumnado.

Debemos partir da base de que se de xeito presencial as actividades que poidamos desenvolver se atopan limitadas, será necesario dar mais protagonismo a outro tipo de plataformas como a páxina web do centro. O curso pasado partíase da idea de crear un recuncho creativo a través do cal compartir as experiencias e actividades levadas a cabo con diferentes recursos tecnolóxicos. Logo das dificultades atopadas este ano para levar a cabo todas as actividades que tiñamos previstas e en mente, decidimos aprazar a creación deste recuncho web, pois consideramos

que a creación do mesmo debe invitar ao alumnado e ás familias a achegarse á biblioteca e participar no desenvolvemento destas actividades, pois dende o equipo de biblioteca consideramos que non debe ser un espazo no que o protagonismo recaia nas actividades desenvoltas polo profesorado.

## 9.10. Dinamización da Lingua Galega.

**1.- Composición do equipo:**

| | |
|---|---|
| Martín Saborido Rial | Mestre de música |
| María José Mansilla Romero | Titora da escola de Capela |
| Mario Jiménez López | Mestre de Educación Física (coordinador) |

**2.- Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Na última das reunións deste equipo concluímos que os obxectivos que pretendíamos coa relización das actividades propostas conseguíronse nunha alta porcentaxe:

- Houbo unha moi boa coordinación co Equipo de Biblioteca e cos departamentos de Música e Educación Física, así como o Equipo de actividades complementarias.
- A lingua empregada no día a día entre mestres e tamén entre mestre-alumnado é o galego, sendo tamén a lingua maioritaria do noso alumnado pero notamos unha tendencia a baixa durante o presente curso que analizaremos o vindeiro curso ca actualización das enquisas. Unha das actividades que valoramos máis positivamente este ano é a actualización do estudo sociolingüístico xa que así o vindeiro curso poderemos saber de forma obxectiva se o uso do galego aumenta ou disminue.
- O galego é tamén a lingua empregada nos contos ou libros que elaboramos, así como nos contacontos. Destacamos o bo traballo feito por todo o profesorado nesta actividade de con-

tacontos e a súa valiosa aportación dese material en galego que poderemos utilizar en vindeios cursos.

- Os contidos ou artigos que aparecen no portal web do noso centro redáctanse sempre en galego.
- Votouse en falta a participación das familias nas celebracións como Magosto, Entroido, Carreira das Letras e Xuntanza de fin de curso ca que este ano non puidemos contar polo que as celebracións perderon parte da súa esencia

A valoración global e positiva e estamos contentos co grao de consecución dos obxectivos programados o inicio de curso.

**3.-Valoración das actividades desenvoltas.**

Ao longo deste curso demos feito todas e cada unha das actividades que se programaron dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Moitas destas iniciativas eran flexibles no tempo, podendo cada escola realizalas no momento máis idóneo para cada unha delas (agás o almanaque e a revista), isto axudou a que se realizasen todas.

Unha das actividades que non recollíamos na programación foi a reunión cos demais EDLG do colexios de Rianxo, que xurdiu da colaboración co equipo de dinamización do concello. A partir desta reunión apareceron importantes actividades como a proposta polo centro Brea Segade "Cancioneiro urxente para Rianxo" que o noso mestre de música trasladou as nosas escolas.

A valoración global e positiva, pero notamos que moitas actividades fanse por inercia xa que pasaron a convertirse en tradición do CRA de Rianxo, como por exemplo os almanques ou as postais, polo que o vindeiro curso tentaremos propoñer algunha actividade novidosa de gran calado arredor do proxeco documental integrado do centro.

**4.- Propostas de mellora.**

Aínda que a valoración global é moi positiva sempre é mellorable. Para o curso que ven pretendemos:

- Continuar coa boa coordinación co Equipo de Biblioteca e o equipo de Dinamización do concello que resultou moi productiva.
- Continuar ca colaboración cos diferentes EDLG do concello que se iniciou este ano a través de reunións telematicas cos diferentes coordinadores e co propio concello.
- Que se respecten o horario das reunións e os días das reunións, xa que é un tempo moi necesario para que os membros do equipo nos poidamos reunir e tomar decisións. Este ano debido o necesidades organizativas do centro o tempo de reunións veuse moi reducido. No terceiro trimestre o EDLG tan so puido facer unha reunión presencial polo que a coordinación dos membros e escolas nas diferentes actividades complicouse moito.
- O número de integrantes do equipo veuse moi reducido, tan só somos 3 polo que dexesamos que no vindeiro curso podamos incrementalo.

# 10. Libros de texto e materiais curriculares.

**Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/2022**

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 1º EP | Lengua Castellana | Lengua Castellana 1. “Primeros Pasos”. Ed. Santillana 2014. | 978-84-680-1857-7 | Castelán |
| 1º EP | Matemáticas | 1 PRI MATEMÁTICAS SHContigo Mochila Ligera. Ed. Santillana 2018 | 978-84-141-1110-9 | Castelán |
| 1º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 1. “Aprender é crecer”. Ed. Anaya 2014 | 978-84-678-4710-9 | Galego |
| 1º EP | Inglés | NEW TIGER 1, Pupil’s | 9781380011176 | Inglés |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Book . Ed. Macmillan 2018. | | |
| 2º EP | Lengua Castellana | Lengua Castellana 2. “Saber Hacer”. Ed. Santillana 2015. | 978-84-680-2546-9 | Castelán |
| 2º EP | Matemáticas | 2 PRI MATEMÁTICAS SHContigo Mochila Ligera. Ed. Santillana 2018 | 978-84-680-4747-8 | Castelán |
| 2º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 2. “Aprender é crecer”. Ed. Anaya 2015. | 978-84-678-7701-4 | Galego |
| 2º EP | Ciencias Socias | Ciencias Sociais 2. “Aprender é crecer”. Ed. Anaya 2015. | 978-84-678-8455-5 | Galego |
| 2º EP | Inglés | NEW TIGER 2, Pupil’s Book. Ed. Macmillan 2018. | 9781380011183 | Inglés |

# 11. Programa de Actividades Complementarias.

**1.- Composición do equipo:**

- Raquel Ferreiro Mareque (Educación Infantil Pazo)
- Noelia Castiñeiras Seco (Educación Primaria Pazo)
  Celia Piñeiro García (Educación Relixiosa e coordinadora)

**2.- Consecución dos obxectivos. Dificultades atopadas.**

Ao longo do curso 2020-2021, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares organizou, dende o punto de vista lúdico-didáctico, diferentes actividades encamiñadas a potenciar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas do CRA.

Na programación fíxose necesario contemplar as medidas Covid que se recolleron no Plan de Adaptación á Situación Covid do centro e que afectaron ao desenvolvemento dos obxectivos para este curso:

- Potenciar a vida social e cultural dos alumnos, axudándolles a desenvolver a capacidade de empregar convenientemente o tempo libre.
- Contribuir ao desenvolvemento das capacidades recollidas nos obxectivos xerais ou das áreas a través de situacións de ensinanza-aprendizaxe con materiais ,espazos e axentes educativos alternativos aos habituais.
- Fomentar o sentido de pertenza á comunidade desenvolvendo o gusto pola participación en diferentes tradicións e festas populares, contemplándoas como situacións que contribúen á vida en sociedade.
- Fomentar a apertura do Centro ao entorno propiciando relacións con diferentes entidades sociais e culturais.
- Aproveitar ao máximo os recursos socioculturais da nosa localidade.
- Contribuir ao desenvolvemento dun clima de convivencia axeitado entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Potenciar a participación das familias en actividades propostas polo centro.

Algúns dos obxectivos propostos non puideron acadarse xa que este curso todas as actividades complementarias realizáronse a nivel de escola sin a participación directa das familias, e por seguridade non se contemplou a posibilidade de saír fóra do concello. As celebracións e conmemoracións desenvolvéronse dun xeito diferente atendendo as seguintes premisas:

- Evitouse mesturar alumnado de diferentes escolas.
- Leváronse a cabo sempre que foi posible ao aire libre.
- Fixéronse labores de limpeza e desinfección despois de realizar as actividades.
- Empregáronse medios telématicos cando se considerou necesario.
- En todas as actividades desenvolvidas respetouse o uso de mascarilla e as normas xerais de hixiene, seguridade e distanciamento social.

Segundo todo isto os obxectivos que máis se viron afectados foron a potenciación da socialización e da convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa e o fomento da apertura do centro ao entorno propiciando relacións con diferentes entidades sociais e culturais. Aínda así conseguimos que os nosos nenos e nenas recibiran visitas de entidades externas nas nosas escolas ao longo do curso respectando sempre as normas de hixiene e seguridade propostas dente a Xunta de Galicia.

**3.-Valoración das actividades desenvoltas.**

A continuación presentamos o cadro resumo das actividades levadas a cabo este curso. Tamén recollemos actividades propostas dende outros equipos que polas súas características entran na definición de complementarias.

| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | |
|---|---|
| Magosto (23 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Samaín (30 de outubro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Conmemoración do 25 N | Infantil + Primaria |
| Festa de Nadal (22 de decembro) | Infantil + Primaria |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | |
| Día da paz e da non violencia (29 de xaneiro) | Infantil + Primaria |
| Entroido (12 de febreiro) | Infantil + Primaria |
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Xornadas de Bilbioteca e Multideporte | Infantil e Primaria |
| **TERCEIRO TRIMESTRE** | |
| Voz Natura + Letras Galegas (20 maio) | Infantil + Primaria |

| | |
|---|---|
| Saída didáctica ao entorno* | Infantil + Primaria |
| Festa de fin de Curso (22 de xuño) | Infantil + Primaria |

*__Saída didáctica ao entorno:__ no cadro xeral das actividades complementarias realizadas este curso só recollemos unha por trimestre segundo o recollido na programación, onde o centro garantía unha saída por trimestre a cada aula con dereito a apoio. Ao longo do curso realizáronse varias saídas á contorna en diferentes escolas e trimestres pero non todas precisaron de apoio específico para levalas a cabo.

A valoración en xeral destas actividades foi moi positiva tendo en conta o contexto de pandemia en que foron realizadas, un dos aspectos que máis se valorou foi a elaboración de propostas de organización para desenvolver as distintas celebracións e conmemoracións a nivel de escola que se enviaron dende o equipo. Cada escola tiña a liberdade de adaptalas ás súas características e necesidades pero respetando sempre unha estructura común dándolle así carácter de actividades de centro.

**4.- Propostas de mellora.**

Intentarase de cara ao vindeiro curso recuperar as saídas fóra do concello si as normas COVID o permiten, e asistir a algún tipo de espectáculo teatral ben dentro ou fóra do concello. Senón podemos asistir todos xuntos temos a posibilidade de levar a cabo estas actividades por quendas onde se misture só o alumnado de 2-3 escolas e o número de persoas en total por quenda non supere as 50. Seguiremos fomentando, sempre que sexa posible, o desenvolvemento das actividades ao aire libre.

# 12. Programa de Actividades Extraescolares.

As actividades extraescolares eran propostas pola ANPA. Entre elas estaban piscina, música, inglés, ioga en familia,... Este curso debido á situación sanitaria vivida non se puideron levar a cabo en ningún momento.

A única actividade que se mantivo foi o Clube de Ciencia os mércores pola tarde de 16:00 a 18:15 h proposto polo centro.

# 13. Avaliación xeral do curso.

## 13.1. Resultado da avaliación da PXA.

En cada un dos apartados desta memoria veñen reflexados a valoración/avaliación e propostas de mellora dos obxectivos e actividades levadas á cabo en cada equipo docente, órgano colexiado ou comisión.

Producíronse algúns cambios debido á adaptación das modificacións que houbo no protocolo COVID.

Elimináronse case todas as notificacións en papel ao utilizar a aplicación da Consellería ABALAR MÓBIL.

Funcionaron moi ben todos os Equipos.

Con respecto ás novas tecnoloxías, foi moi importante polo tanto o traballo do Coordinador TIC, xa que nos foi solucionando moitos problemas; aínda así precisamos dunha actualización de equipos.

## 13.2. Previsións para o próximo curso.

- Seguir dando unha atención individualizada a través de apoios, especialistas de PT, AL, titores... ao alumnado de necesidades educativas.

- Dar continuidade aos Proxectos, programas e plans que levan desenvolvendo no centro dende hai anos ( Plambe, Pelo, Voz Natura, Clube de Ciencia, Erasmus +,...)
- Incorporar ás novas familias na plataforma ABALAR.
- Habilitar a segunda aula da escola de Cruceiro polo gran número de alumnado.
- Conseguir todo o profesorado que nos pertence, tanto por catálogo como por habilitación de aulas.
- Revisar o Proxecto de Centro, xa iniciado neste curso.
- Rematar de revisar o Plan de Autoprotección do centro.
- Actualizar outros documentos do centro.
- Mellorar os patios escolares.
- Continuar loitando pola mellora das obras feitas fai uns anos, así como da limpeza das escolas.
- Mercar equipos informáticos.

# 14. Informe do Claustro e do Consello Escolar.

**Informe do Claustro:**

Esta memoria Xeral Anual foi presentada ao Claustro de profesores o día 30 de xuño de 2021 e ningún membro manifestou disconformidade.

**Informe do Consello Escolar:**

Esta memoria Xeral Anual foi presentada ao Consello Escolar o día 30 de xuño de 2021 e ningún membro manifestou disconformidade.

En Rianxo, a 30 de xuño de 2021

O equipo directivo

| A xefa de estudos | A directora | A secretaria |
|---|---|---|
| Paula María Deira Mougán | María Vázquez de la Iglesia | Celia Piñeiro García |